# ACTA SESIÓN PLENO ORDINARIO

## 3 DE MARZO DE 2022

**(aprazado do día 28 de febreiro)**

No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Ribeira, sendo as **vinte horas do xoves 3 de marzo de 2022** (*previamente efectuada a convocatoria polo Alcalde Manuel Ruiz Rivas o 23-02-2022*) reuníronse en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Alcalde-Presidente os membros do Pleno enumerados a continuación según o previsto no artigo 46.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,coa fín de celebrar pleno ordinario (**aprazado do día 28 de febreiro de 2022, según acordo da Xunta de Voceiros de 2 de febreiro de 2022**)).

***A celebración do pleno adopta a modalidade de "semipresencial" según Decreto de Alcaldía de data 23 de febreiro de 2022.***

| |
|---|
| **Partido Popular (PP)** |
| 1.-Manuel Santos Ruiz Rivas, **alcalde-presidente** |
| 2.-María José Sampedro Fernández |
| 3.-Ramón José Doval Sampedro ***(telemáticamente)*** |
| 4.-Manuel Emilio Pérez Outeiral***(telemáticamente)*** |
| 5.-Ana Isabel Barreiro Rego. ***(telemáticamente)*** |
| 6.-Victor Reiriz Lampón***(telemáticamente)*** |
| 7.-Juana María Brión Santamaría***(telemáticamente)*** |
| 8.-Elvira Pereira Ageitos. |
| 9.-Javier Ventura Sampedro Ageitos***(telemáticamente)*** |
| |
| **Partido Barbanza Independiente (PBBI)** |
| 1.-Vicente Mariño de Bricio |
| 2.-María Herminia Pouso Maneiro |
| 3.-Miguel Ángel Vázquez Salgueiro ***(telemáticamente)*** |
| 4.-Emilio Andrés González Regueira. ***(telemáticamente)*** |
| 5.-Gerardo Pardavila Fernández. ***(telemáticamente)*** |
| 6.-Asier Casais Álvarez***(telemáticamente)*** |
| 7.-Tania Redondo Fernández***(telemáticamente)*** |
| |
| **Partido dos Socialistas de Galicia-Psoe (Ps de G-Psoe)** |
| 1.-José Manuel Vilas Álvarez |
| 2.-José Manuel Suárez-Puerta Sirgado. |
| |
| **Bloque Nacionalista Galego (B.N.G)** |
| 1.-Xosé Antonio Vázquez Cobas |
| 2.-Luis Antonio Pérez Barral |
| |
| **Suma Ribeira (SR)** |



CSV: 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/03/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/03/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/03/2022 12:19:03

DOCUMENTO: 20220841334
Fecha: 17/03/2022
Hora: 12:18

| |
|---|
| 1.-Xurxo Ferrón Vidán |
| |

A Corporación está asistida polo **Sr. Secretario** deste Concello, **D. Juan Manuel Salguero del Valle**, que dá fe do acto, e polo **Sr.Interventor** do mesmo. **D. Pablo Bao Castro.**

Asiste asemade, en calidade de **asesor informático**, **D. Ramón Martínez Becerra.**

**O Sr. Alcalde** dí que vamos a celebrar este pleno ordinario do mes de febreiro que, por motivos carnavalescos, neste caso, vámolo a celebrar no mes de marzo.

Quixera que as miñas palabras primeiras neste pleno, e que creo que recollen o sentimento de todos os presentes sexa para o inxusto sufrimento que está padecendo a poboación ucraniana; desexar que este conflicto finalice xa, e simplemente, creo que é un clamor de todos o decir: non á guerra.

Con carácter previo ó inicio da Sesión **polo Sr. alcalde-presidente** procédese a dar conta da seguinte **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL**, que quedamos no Consello Local de Pesca en ler e que é do seguinte tenor literal:

***"DECLARACIÓN INSTITUCIONAL***

***MANIFESTO DE BURELA EN DEFENSA DEL SECTOR PESQUERO DEL CANTÁBRICO-NOROESTE.***

*Burela, a 4 de noviembre del 2021*

*Los abajo firmantes, conscientes del debate que se está produciendo en nuestra sociedad sobre los proyectos de instalación de parques eólicos marinos en nuestras costas, quieren informar a la opinión pública a través de este Manifiesto de la posición del sector pesquero que trabaja en el caladero nacional de Cantábrico-Noroeste en relación a dichos proyectos y su impacto en nuestro medio de vida.*

*La flota que pesca en el Caladero Nacional Cantábrico-Noroeste, representada por las Asociaciones y Federaciones de Cofradías de Pescadores que suscriben este manifiesto, flota que según los últimos datos oficiales cuenta con más de 4.300 unidades y más de 12.000 pescadores que viven de los recursos de nuestras costas, que dan trabajo en tierra a más de 48.000 puestos indirectos, proporcionando alimento a la población, y siendo fuente de generación de empleo y fijación de población en las comunidades costeras del Cantábrico- Noroeste, ante las propuestas tanto de las Administraciones Públicas como de empresas privadas que se están realizando para la implantación de la energía eólica marina en nuestro caladero, quieren manifestar, y además informar a la población de lo siguiente:*

*Los pescadores al igual que toda la gran mayoría de la sociedad civil estamos muy alarmados por la situación actual generada por el cambio climático, que nos afecta doblemente, tanto como miembros de esa sociedad civil, como trabajadores que dependen del buen estado de los ecosistemas marinos para seguir viviendo de la pesca y proporcionando alimento a la población.*

*Los pescadores estamos a favor de la descarbonización y la implementación de energías renovables limpias que reduzcan las emisiones de C02, que tanto afectan a la salud del planeta, de las personas y del medio marino, siempre que se instalen fuera de caladeros de pesca y cuenten con evaluaciones de impacto a todos los niveles, previas a su implantación, en coherencia con las políticas medioambientales y directivas de protección de hábitats.*

*La costa Atlántica y del Cantábrico no solo cuentan con una de las flotas de pesca más importantes de toda la UE, sino que es una de las costas más ricas en caladeros de pesca, contando por ejemplo la costa*



CSV: 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/03/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/03/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/03/2022 12:19:03

DOCUMENTO: 20220841334
Fecha: 17/03/2022
Hora: 12:18

*asturiana y gallega con más de 200 caladeros catalogados, caladeros que están en unas condiciones inmejorables de conservación, como demuestra la gran cantidad de superficie cubierta por Espacios Marinos protegidos en ambas CCAA.*

*Los pescadores somos los principales valedores de nuestros ecosistemas (alguien nos definió hace poco como los "guardianes del mar") y llevamos siglos trabajando de forma sostenible en estos mares. La pesca es una de las actividades más antiguas que realiza el ser humano, es fuente de proteína de primera calidad, generadora de empleo y dota de cohesión a las zonas costeras evitando el desempleo y el aislamiento de estas comunidades, evitando que se produzca el efecto de "vaciamiento" como ocurre en pueblos del interior de la Península. No queremos convertirnos en "zonas costeras vaciadas"*

*Los proyectos de implantación de energía eólica marina en nuestras costas no son compatibles con los usos existentes, ni con la escasa plataforma continental de estas costas, que difiere totalmente de otras zonas marítimas como el Mar del Norte o el Mar Báltico, ni con la riqueza de nuestros ecosistemas, ni con la preservación de la biodiversidad, ni con el mantenimiento de la actividad pesquera, máxime cuando las zonas de prioridad de instalación de las instalaciones eólicas se ubican en caladeros de pesca, y en algunos casos cerca de Espacios Marinos que gozan de algún tipo de protección.*

*Dichos proyectos son también incompatibles con el mantenimiento de la biodiversidad en los ecosistemas marinos, destacamos como principales impactos acumulativos en el medio marino:*

*a) la contaminación acústica, con las graves consecuencias para aves y mamíferos marinos, incluyendo la generación de ruido impulsivo que según los expertos pueden producir incluso la muerte de mamíferos marinos.*

*b) los cambios en la rapidez y dirección de las olas, así como los posibles efectos de alteración de las corrientes marinas y su afectación a los sustratos y la biodiversidad con el consiguiente impacto en los hábitats de las especies de interés comercial para nuestra flota y la alteración de los ecosistemas existentes.*

*Además de todas las grandes incógnitas todavía pendientes de estudio sobre como afectan estas instalaciones a los ecosistemas, hace que, desde el sector invoquemos el PRINCIPIO DE PRECAUCIÓN antes de proceder a cualquier desarrollo de esta industria en nuestros mares, pues no se puede jugar con la naturaleza ni con el futuro de muchas familias antes de conocer sus consecuencias.*

*No aceptamos este cambio de paradigma, que poderosos grupos de presión con anuencia en muchos casos de nuestras administraciones, pretenden imponernos, de ir hacia una industrialización del mar como fuente de energía renovable, en detrimento de la producción de alimentos sostenibles y saludables, en detrimento del sector pesquero, sus familias, las comunidades pesqueras y además en estas costas en zonas altamente dependientes de la pesca, sin que se haya hecho ninguna evaluación sensata de como afectan a nuestros ecosistemas tales industrias, pues el propio IEO ha manifestado que desconoce la afectación por ejemplo en relación a los stocks de nuestros pelágicos como la sardina, anchoa o jurel, por poner unos ejemplos. El daño que se puede hacer al ecosistema puede ser irreversible, y esto no sólo afectará al sector pesquero, aunque será el primer eslabón dañado, la sociedad se verá perjudicada, si se supeditan los intereses políticos a las necesidades presentes y futuras de la sociedad, poniendo en riesgo el futuro de las comunidades costeras y su tejido socioeconómico.*

*Tal como ya ha indicado el Parlamento Europeo en su Informe sobre el impacto en el sector pesquero de los parques eólicos y otros sistemas de energía renovable, la línea roja que no se puede sobrepasar en la implantación de esta energía eólica marina en aguas de la UE es la no afectación a caladeros de pesca y a la actividad pesquera, destacando que " se designen los caladeros históricos y tradicionales específicos de los pescadores locales como zonas que deben permanecer libres de energías renovables marinas 11 porque lo esencial es preservar nuestros ecosistemas y nuestra actividad de proveedores a la sociedad de la proteína animal saludable que menos huella de carbono deja en el planeta, teniendo en cuenta que las restricciones de acceso, podrían socavar la prestación responsable y sostenible de seguridad alimentaria.*



CSV: 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/03/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/03/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/03/2022 12:19:03

DOCUMENTO: 20220841334
Fecha: 17/03/2022
Hora: 12:18

*La pesca en si misma ya forma parte de la solución para paliar el cambio climático, y los pescadores no podemos ser sustituidos en nuestros mares por industrias que afecten a nuestro modo de vida y a nuestros ecosistemas en perjuicio de toda la sociedad y para beneficio de empresas energéticas que han demostrado estar muy apartadas del interés general y del bien común.*

*Firman este documento:*

*FEDERACIÓN DE COFRADÍAS DE PESCADORES DE ASTURIAS*

*FEDERACIÓN GALEGA DE COFRADÍAS DE PESCADORES*

*FEDERACIÓN PROVINCIAL DE COFRADÍAS DE PESCADORES DE LUGO*

*FEDERACIÓN PROVINCIAL DE COFRADÍAS DE PESCADORES DE A CORUÑA*

*FEDERACIÓN PROVINCIAL DE COFRADÍAS DE PESCADORES DE PONTEVEDRA*

*ASOCIACIÓN DE ARMADORES DE ARTES FIJOS CNW*

*ARMASTUR*

*AVOCANO*

*OPASTURIAS*

*COOPERATIVA STA EUGENIA-OPP83*

*OPP LUGO*

*ASOCIACIÓN DE ARMADORES DE BUQUES DE PESCA DE MARIN*

*ASOCIACIÓN DE PALANGREROS DEL CANTÁBRICO-NOROESTE*

*ACERGA*

*AVOGA*

*ORPAL*

*CERCOASTUR*

*ASOCIACIÓN DE ARMADORES DE RIBEIRA*

*APECAC*

*FEDERACIÓN COFRADÍAS DE PESCADORES BIZKAIA*

*OPESCAYA*

*OPP 77 CELEIRO*

*OPECAN*

*ORPAGU*

*FEDERACIÓN COFRADÍAS PESCADORES DE GIPUZKOA*



CSV: 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/03/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/03/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/03/2022 12:19:03

DOCUMENTO: 20220841334
Fecha: 17/03/2022
Hora: 12:18

*ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE ARMADORES DE BUQUES DE CERCO DE PONTEVEDRA*

*ARVI*

*ASOCIACIÓN ARMADORES PESCAGALICIA-ARPEGA-OBARCO*

*ASOCIACIÓN ARMADORES OPP 31 PESCAGALICIA*

A continuación pásase a tratar os seguintes puntos da orde do día:

## PARTE I.-ADOPCIÓN DE ACORDOS

### 1.-APROBACIÓN ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA 09 DE FEBREIRO DE 2022.

Preséntase para aprobación esta acta:

-Acta do Pleno extraordinario celebrado o **09 de febreiro de 2022**

En cumprimento do disposto no **artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF**), e o **artigo 109 do Regulamento Orgánico da Cidade de RIBEIRA**, o **Sr. alcalde-presidente** pregunta ós/ás Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación a acta correspondente á **sesión extraordinaria** do día **9 de febreiro de 2022.**

Sen observacións, e sen votación expresa.

O **Sr. alcalde-presidente** (**grupo m. P.P**.) dí que se aproba a acta por unanimidade dos membros presentes.

Resulta aprobada por **asentimento** dos membros presentes esta acta do pleno:

*-Acta do **Pleno da sesión extraordinaria** celebrada o **09 de febreiro de 2022.***

### 2.-ADXUDICACIÓN DO PRÉSTAMO DESTINADO Á FINANCIACIÓN DA EXPROPIACIÓN DOS TERREOS DO NOVO POLÍGONO MUNICIPAL. ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 22 de febreiro de 2022 sobre a base dunha proposta da Alcaldía de data 11 de febreiro de 2022 do seguinte tenor literal:

*"Visto o expediente que se tramita para a contratación dun préstamo para financiamento de inversións no presente exercicio 2022:*



CSV: 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/03/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/03/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/03/2022 12:19:03

DOCUMENTO: 20220841334
Fecha: 17/03/2022
Hora: 12:18

*PRÉSTAMO DE ATA 1.200.000 EUROS, COA FINALIDADE DE FINANCIAR A EXPROPIACIÓN DOS TERREOS DO NOVO POLÍGONO INDUSTRIAL.*

*A iniciación do expediente de contratación ordenouse por acordo plenario de data 1 de decembro de 2021, cursándose invitacións a tódalas Entidades Financeiras da localidade.*

*Vista a acta de apertura das proposicións realizada na data 21 de xaneiro de dous mil vinte e dous.*
*Vista a acta da sesión celebrada pola comisión avaliadora para a adxudicación do contrato de préstamo, celebrada na data 21 de xaneiro de 2022, así como a correspondente proposta de adxudicación formalizada pola Mesa de Contratación en aplicación dos criterios establecidos na cláusula 10ª no apartado 3.2 das Bases que rexen estes contratos.*

*Visto o informe de Intervención de data 28 de xaneiro do 2022.*

*Vista a documentación requirida en virtude do decreto de clasificación de ofertas de data 31 de xaneiro de 2022 e presentada por Banco Sabadell o día 2 de febreiro de 2022 con rexistro de entrada número 1824.*

*Esta Alcaldía-Presidencia PROPÓN ao PLENO do Concello de Ribeira o seguinte:*

***PRIMEIRO**.- Adxudicar o contrato de préstamo polo importe total de ata un máximo de 1.200.000 euros, para financiar a expropiación dos terreos do novo polígono industrial ao Banco Sabadell, ao tipo ofertado de xuro variable euríbor 3M + 0,51%.*

***SEGUNDO**.- Formalizar o correspondente contrato no período dun mes a contar desde a adxudicación do contrato.*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómetese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 22 de febreiro de 2022, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 21 (9 PP, 7 PBBI, 2 PS de G-PSOE, 2 BNG, 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA)**

**-VOTOS EN CONTRA: 0**

**-ABSTENCIÓNS: 0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por ***unanimidade*** dos seus membros **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas sobre **ADXUDICACIÓN DO PRÉSTAMO DESTINADO Á FINANCIACIÓN DA EXPROPIACIÓN DOS TERREOS DO NOVO POLÍGONO MUNICIPAL** e en consecuencia aproba:

***PRIMEIRO**.- Adxudicar o contrato de préstamo polo importe total de ata un máximo de 1.200.000 euros, para financiar a expropiación dos terreos do novo polígono industrial ao Banco Sabadell, ao tipo ofertado de xuro variable euríbor 3M + 0,51%.*



CSV: 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/03/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/03/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/03/2022 12:19:03

DOCUMENTO: 20220841334
Fecha: 17/03/2022
Hora: 12:18

***SEGUNDO**.- Formalizar o correspondente contrato no período dun mes a contar desde a adxudicación do contrato.*

**3.- APROBACIÓN INICIAL NOVO REGULAMENTO FUNCIONAMENTO ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE RIBEIRA. ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.**

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Promoción Social, Sanidade e Consumo data 22 de febreiro de 2022 do seguinte tenor literal sobre a base dunha proposta da Alcaldía de data 11 de febreiro do seguinte tenor literal:

***VISTA** a proposta de Dna.Ana Isabel Barreiro Rego,Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social, Igualdade e Diversidade na que informa que a Escola Infantil Municipal de Ribeira conta cun regulamento de funcionamento publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº28 do 8 de febreiro do 2013 e a súa modificación no BOP nº244 do 24 de decembro de 2013.*

***VISTO** que dende o Servizo de Inspección de Familia e Menores recoméndase actualizalo segundo un modelo guía que facilite unha estrutura e contidos homoxéneos, na medida do posible, dos distintos regulamentos das escolas infantís en funcionamento en Galicia.*

***ACREDITADO** que o expediente está informado pola xefa de servizo do Departamento de Servizos Sociais no senso de someter á consideración da corporación un novo regulamento elaborado a partir do vixente, das achegas e supervisión do persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais do Concello e da Inspección de Familia e Menores da Consellería de Política Social, así como da dirección pedagóxica e da empresa que xestiona a citada escola, **co obxecto de actualizalo e proceder ao seu visado segundo o establecido no artigo 7.b no** Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección de servizos sociais en Galicia.*

*Por medio da presente proponse á Comisión Informativa de Servizos Sociais, Promoción Social, Sanidade e Consumo que, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, emita ditame favorable sobre o seguinte:*

***PRIMEIRO:- Aprobar inicialmente** o novo Regulamento de Funcionamento da Escola Infantil municipal de Ribeira, de acordo do seguinte texto:*

***REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE RIBEIRA***

***INDICE***

***INTRODUCIÓN***

1. *Obxecto e finalidade.*
2. **Normativa aplicable.**

***CAPÍTULO I. DATOS DO CENTRO***

1. *Definición do centro.*
2. *Datos identificativos.*
3. *Titularidade.*
4. *Autorizacións concedidas.*
5. *Tipo de xestión: Directa / Indirecta.*

***CAPÍTULO II. FUNCIONAMENTO***



CSV: 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/03/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/03/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/03/2022 12:19:03

DOCUMENTO: 20220841334
Fecha: 17/03/2022
Hora: 12:18

1. *Definición.*
2. *Obxectivos da escola infantil.*
3. *Capacidade total do centro.*
4. *Calendario e horario de funcionamento.*
5. *Servizos que oferta.*
6. *Sistemas de admisión e baixas.*
7. *Procedemento de ingreso.*
8. *Período de adaptación.*
9. *Réxime de visitas.*
10. *Horario de visita.*
11. *Recollida dos menores.*
12. *Acceso de nais no período de lactación.*

***CAPÍTULO III. ESTRUTURA ORGANIZATIVA***

1. *Organización interna.*
2. *Procedemento para substitucións e imprevistos do persoal.*

***CAPÍTULO IV. NORMATIVA REFERENTE A TODO O PERSOAL***

1. *Relación de persoal.*
2. *Dereitos e as obrigas do persoal.*
3. *Funcións e responsabilidades de cada persoa.*

***CAPÍTULO V. NORMATIVA REFERENTE AOS NENOS/AS***

1. *Dereitos dos/das nenos/as.*
2. *Normas de funcionamento.*
    1. *Normas de saúde.*
    2. *Normas de hixiene persoal.*
    3. *Normas de alimentación.*
    4. *Normas de convivencia.*
    5. *Uniforme.*
    6. *Uso das dependencias e materiais.*
    7. *A lingua.*
    8. *Fomento da igualdade dos nenos e nenas.*
    9. *Actividades extraescolares.*

***CAPÍTULO VI. NORMATIVA REFERENTE Á FAMILIA***

1. *Dereitos e obrigas dos/das pais/nais, titores/as e representantes legais.*
2. *Participación e relación cos pais/nais, titores/as ou representantes legais.*
3. *Instrumentos de información aos pais/nais, titores/as ou representantes legais.*

***CAPÍTULO VII. RÉXIME DE COBRAMENTO***

1. *Matrícula.*
2. *Réxime de actualización de prezos.*
3. *Forma de pago e período de pago.*
4. *Réxime de reserva de praza para o caso de ausencias/vacacións.*

***CAPÍTULO VIII. NORMATIVA REFERENTE Á INFRAESTRUTURA DO CENTRO***

1. *Medidas de seguridade e hixiene.*

***INTRODUCIÓN***

***1. OBXECTO***



CSV: 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/03/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/03/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/03/2022 12:19:03

DOCUMENTO: 20220841334
Fecha: 17/03/2022
Hora: 12:18

*A escola Infantil Municipal de Ribeira é unha escola infantil dedicada a nenos e nenas de 0-3 anos para cubrir as necesidades educativo-sociais existentes na actualidade, pretendendo axudar á conciliación da vida laboral e familiar de todos aqueles pais e nais que teñen fillos en idades temperás (0 a 3 anos) .*

*O presente regulamento ten por obxecto a regularización do servizo de escola infantil (0-3 anos, primeiro ciclo de educación infantil) como servizo social e educativo, proporcionando ó neno e á nena unha educación escolar acorde coas súas necesidades, valéndose das técnicas pedagóxicas máis idóneas e enmarcando a educación no ámbito cultural do que o/a neno/a forma parte.*

**2. NORMATIVA APLICABLE**

- *Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia*
- *Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos programas e dos centros de servizos sociais.*
- *Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.*
- *Decreto 330/2009, de 4 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Infantil.*
- *Decreto 49/2012 do 19 xaneiro polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís.*
- *Decreto 148/2014, de 6 de novembro, polo que se modifica o Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.*
- *Real Decreto 476/2013, de 21 de xuño polo que se regulan as condicións de cualificación e formación que deben posuír os mestres dos centros privados de Educación Infantil e de Educación Primaria, Art. 2.2..(BOE núm. 167, de 13 de xullo).*
- *Real Decreto 132/2010 , de 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos de centros que impartan as ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria.*
- *Decreto 245/2003 , de 24 de abril , polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís.*
- *Lei 17/2011, de 5 de xullo, de seguridade alimentaria e nutrición.*

***DATOS DO CENTRO***

***DATOS IDENTIFICATIVOS DO CENTRO***

*NOME DO CENTRO: Escola Infantil Municipal de Ribeira*

*Enderezo: Rúa Cubeliños nº20, 15960, Ribeira (A Coruña)*

*Teléfono e fax: 981 835 266 // 674 980 736*

*e-Mail: ribeira@cativos.com*

*Web: www.ribeira.gal*

*DIRECTORA: Olalla Oubiña Martínez*

***TITULARIDADE***

*ENTIDADE TITULAR: Concello de Ribeira*

*NIF: P1507400H*

*REPRESENTANTE LEGAL: Manuel Ruíz Rivas*

*Enderezo:Praza do concello s/n.*

*Teléfono: 981 83 54 17*



CSV: 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/03/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/03/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/03/2022 12:19:03

DOCUMENTO: 20220841334
Fecha: 17/03/2022
Hora: 12:18

*E-mail: servizossociais@ribeira.gal*

***Nº INSCRICIÓN NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS: E-0605 C-001***

*ENTIDADE XESTORA: ANA NAYA GARCÍA S.L.*

*NIF: B 15767783*

*REPRESENTANTE LEGAL: María Isabel Mejuto Iglesias*

*Enderezo: Rúa das Hedras nº6, 1ºM, 15895 , O Milladoiro, Ames (A Coruña)*

*Teléfono: 881 973 873*

*e-mail: desarrollo@cativos.com*

***Nº INSCRICIÓN NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS: E- 5145***

***AUTORIZACIÓNS***

*Data do Permiso de Inicio de Actividades.- PIA: 10/03/2005*

*Licenza Municipal: Titularidade municipal*

***TIPO DE XESTIÓN:****Indirecta*

***FUNCIONAMENTO***

***1. DEFINICIÓN***

*A Escola Infantil é un equipamento diúrno de carácter educativo e asistencial, dirixido ao sector infantil dá poboación de ata 3 anos de idade, tendo por obxecto o desenvolvemento harmónico e integral dos/as nenos/as, realizando ademais unha importante labor de apoio á función educativa dá propia familia á vez que se facilita o acceso dos pais/ nais ao mundo laboral.*

***2. OBXECTIVOS DA ESCOLA***

- *a) Coñecer o seu propio corpo e o dos das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.*
- *b) Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.*
- *c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.*
- *d) Desenvolver as súas capacidades afectivas.*
- *e) Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.*
- *f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.*
- *g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo.*
- *h) Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.*
- *i) Achegar, na medida das súas posibilidades, o uso das tecnoloxías da información e da comunicación.*

***3. CAPACIDADE***

*A escola conta con 12 unidades e 189 prazas autorizadas distribuídas en:*

- ✓ *3 aulas 0/1 anos............... 24 prazas (8 en cada aula)*



CSV: 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/03/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/03/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/03/2022 12:19:03

DOCUMENTO: 20220841334
Fecha: 17/03/2022
Hora: 12:18

- ✓ *5 aulas 1/2 anos............... 65 prazas (13 en cada aula)*
- ✓ *4 aulas 2/3 anos ............. 80 prazas (20 en cada aula)*

*No caso de non existir demanda suficiente para formar un ou varios grupos do mesmo nivel de idade, os nenos e nenas poderán ser agrupados conforme á seguinte proporción:*

- *Grupos formados por nenos e nenas de ata 2 anos de idade: 1/10.*
- *Grupo formados por nenos e nenas de idades comprendidas no tramo 0-3: 1/15*

*Os/as nenos/as con necesidades educativas especiais ocuparán dúas prazas para o cómputo das ratios.*

*O criterio de agrupamento será o do ano de nacementodo alumnado, agrupar atendendo á idade cronolóxica ofrece un criterio obxectivo e libre de discriminacións.*

*O Centro de Educación Infantil contará co persoal necesario segundo a normativa vixente para o cumprimento das ratios establecidas.*

*Os/as educadoras/es, titulares das diferentes aulas, son as/os responsables dos grupos ante o equipo e as familias.*

### *4. CALENDARIO E HORARIO DE FUNCIONAMENTO*

*O curso comezará o 1 de setembro e finalizará o 15 de agosto. A nosa Escola Infantil atópase aberta 11 meses e medio ao ano e permanecerá abertatodo o ano de luns a venres en horario ininterrompido de**7:30 h. a 21:00 h.** , agás os 15 primeiros días do mes de agosto que se reducirá o horario ata as 15:30 h.*

*Na segunda quincena de agosto permanecerá pechada para labores de mantemento das instalacións e desinfección e vacacións do persoal e alumnado.*

*Ademais pecha os días festivos nacionais, autonómicos e locais así comona data de celebración do "Día do ensino" e os días 24 e 31 de decembro.*

*As familias son avisadas dos peches da escola mediante entrega en circular escrita no momento da solicitude de información/matrícula do seu fillo/a(variando estes días cada ano lectivo).*

*O Concello de Ribeira publicará anualmente, no mes de marzo, o calendario do curso seguinte, así como o horario de apertura do centro, que deberá recollerse no plan de centro e proxecto educativo.*

*Tanto o calendario anual como o horario de apertura e peche figurarán no taboleiro de anuncios da Escola Infantil Municipal de Ribeira.*

*Todos os horarios, por motivos debidamente razoados e previa comunicación aos pais/nais, titores/as e representantes legais, poderán sufrir algunha variación que será resolta pola Alcaldía.*

### *5. SERVIZOS BÁSICOS QUE OFERTA A ESCOLA*

#### *5.1. Servizo de Atención Educativa*

*A escola infantil conta con proxecto educativo propio que se axusta na súa estrutura ao Decreto 330/ 2009 polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade de Galicia.*

*Atende a tódalas facetas relativas ao desenvolvemento afectivo, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e linguaxe, ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento das características físicas e sociais do entorno no que viven os nenos/as.*

*O Centro incorpora o uso das novas tecnoloxías de modo que os alumnos/as e os educadores/as se familiaricen e poidan aproveitar os recursos pedagóxicos que ofrecen estes novos procedementos.*

*Préstase tamén unha atención especial ó aprendizaxe do idioma galego, mediante metodoloxías que facilitan a inmersión lingüística, co obxectivo de conseguir fluidez comunicativa en tódalas áreas, con fin de lograr a normalización lingüística.*

*O Centro desenvolve unha educación personalizada, que inclúe un aspecto individualizador: edúcase a persoas concretas, con características e necesidades particulares; e presenta, así mesmo, un carácter de integración: edúcase á persoa completa, evitando a parcelación dos coñecementos, os procedementos e os valores. O alumno/a, nas súas características individuais e na súa totalidade persoal, é o referente último da educación.*



CSV: 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/03/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/03/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/03/2022 12:19:03

DOCUMENTO: 20220841334
Fecha: 17/03/2022
Hora: 12:18

*O horario de atención educativa na escola infantil é de 10:00 h. a 12:00 h. ou de 17:30 h. a 19:30h., segundo quenda solicitada. Na dita franxa horaria o/a neno/a deberá asistir á escola agás excepcións, co fin de desenvolver a proposta pedagóxica do centro con todo o seu alumnado.*

*De xeito transversal ao Currículo educativo procurase a introdución dunha terceira lingua.*

***5.2. Servizo de Comedor***

*A escola conta con cociñeira propia na escola.*

*Ofrece o servizo de comedor a todos aqueles nenos e nenas que o soliciten.*

*Coidarase a alimentación infantil ofrecendo menús equilibrados e atendendo ás necesidades específicas como intolerancias ou alerxias,…*

*Os menús son supervisado por técnico en Dietética e Nutrición e expostos no taboleiro de anuncios cunha semana de antelación.*

*Os nenos e nenas usuarios/as fixos de comedor e merenda que no vaian a utilizar o servizo deberán avisar con antelación ou ben o mesmo día antes das 9:30 horas da mañá.*

*Os Horarios do servizo de comedor son:*

- *Horario do almorzo será de 07:30 a 09:00 horas.*
- *Horario do comedor será de 12:00 a 13:00, adaptándose tamén aos horarios dos nenos/as.*
- *Horario para a merenda será de 17:00 a 17:30 horas.*

***5.3. Servizo de horario ampliado***

*Enténdese por horario amplo a atención os/as nenos/ as por parte do centro polo menos durante 10 horas diarias ininterrompidas. Non obstante, evitarase que o/a neno/a prolongue a súa estancia no centro máis de 8 horas diarias, agás que circunstancias excepcionais, que deberán en todo caso xustificarse, o determinen.*

*A escola oferta un total de 13,5 horas ininterrompidas, desde as 7:30 h. A 21:00 h. agás os 15 primeiros días do mes de agosto que se reducirá o horario ata as 15:30 h.*

***6. SISTEMAS DE ADMISIÓN E BAIXAS***

***6.1. Persoas Usuarias:***

1. *Poderán solicitar praza na Escola Infantil Municipal, todos os nenos e nenas con idades comprendidas entre os 3 meses e os 3 anos, cando a unidade familiar estea empadroada no Concello de Ribeira, ou ben cando os pais/nais, titores/as ou representantes legais acheguen un contrato de traballo en vigor dentro deste termo municipal.*
2. *No caso de existiren prazas vacantes poderán solicitar praza familias doutros concellos xustificando a necesidade.*
3. *A matrícula farase efectiva co pago da correspondente cota.*
4. *Teñen prioridade na matrícula os irmáns e irmás dos nenos e nenas que están na Escola ou que rematan ese mesmo ano.*
5. *No caso de que haxa lista de espera, o criterio de adxudicación das prazas vacantes será por prioridade para os nenos e nenas con horario máis amplo e servizo de comedor.*

***6.2. Documentación requirida previa ao ingreso:***

*Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:*

- *Modelo de solicitude debidamente cuberto.*



CSV: 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/03/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/03/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/03/2022 12:19:03

DOCUMENTO: 20220841334
Fecha: 17/03/2022
Hora: 12:18

- *Documento que acredite a identidade do pai, nai e ou titor/a ou representante legal (fotocopia do DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia segundo proceda ).*

- *Fotocopia compulsada do Libro de Familia; no seu defecto, outro documento que acredite oficialmente a situación familiar.*

- *Fotocopia compulsada do Título de Familia numerosa.*

- *Xustificante de ocupación ou desemprego (fotocopia das últimas nóminas, certificado de vida laboral, certificado de empresa, último recibo de pagamento da cota á Seguridade Social no réxime especial de traballadores por conta propia ou certificación de ser demandante de emprego).*

- *Certificado de discapacidade do grao e nivel de dependencia alegada polos membros da unidade familiar.*

- *Certificado/Informe médico no caso de enfermidades crónicas ou outras afeccións alegadas polos membros da unidade familiar.*

- *Documentación acreditativa do acollemento familiar.*

- *Declaración responsable da persoa solicitante sobre as necesidades específicas de apoio educativo do neno ou nena e, en caso de dispor del, informe do Equipo de Valoración e Orientación das Xefaturas Territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, servizos especializados de Atención Temperá da administración Local ou Autonómica, ou órganos competentes na materia na Administración do Estado ou nas correspondentes Comunidades Autónomas sobre a súa necesidade de integración.*

- *Copia compulsada da Declaración de IRPF ou, de ser o caso, certificado emitido pola Axencia Tributaria relativos á última declaración.*

- *Certificado de convivencia.*

- *De ser o caso, deberase acreditar documentalmente a condición de familia monoparental ou a asistencia ao centro doutros irmáns.*

- *No caso de familia monoparental, entendida como a formada pola nai ou o pai solteira/o que non manteñan relación de convivencia ou situacións de separación, divorcio ou viuvez, acreditarase:*

  - *Fotocopia do libro de familia e certificado policial de convivencia.*

  - *Xustificante mediante sentencia xudicial da separación/divorcio dos pais e o convenio regulador onde apareza o importe da pensión por alimentos.*

  - *Xustificación de ser fillo de viúvo/a (Certificado de defunción)*

  - *Calquera outro xustificante que acredite ser fillo ou filla nunha familia monoparental e que o outro proxenitor non achega nada á manutención dese fillo.*

  - *Resolución xudicial de que a custodia do/a neno/a está atribuída a unha soa persoa.*

  - *No caso de parellas non casadas, deberá presentarse o convenio regulador onde se recolla quen ten a garda e custodia do menor ou menores, de non existir, poderase substituír por un informe dos Servizos Sociais do Concello, de non poder acreditalo, deberanse achegar os datos dos dous proxenitores e a súa autorización para consultar os datos na Axencia Estatal Tributaria.*

  - *Documentación acreditativa de situacións como: separación de feito de cónxuxe, abandono do fogar, certificación de convivencia e xustificante de calquera outra circunstancia socio-familiar alegada. Informe dos Servizos Sociais do Concello, no suposto de que sexa necesario por falta de acreditación documental suficiente ou por situacións especiais nas que viva a unidade familiar.*

  - *Calquera outra documentación xustificativa que se considere de interese a efectos de valoración.*

*O Concello de Ribeira poderá solicitar en calquera momento a ampliación da documentación acreditativa das circunstancias que puntúan no baremo de selección. A omisión ou falsidade dos datos e documentos achegados, anulara a solicitude.*

***6.3. Baixas***



CSV: 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/03/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/03/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/03/2022 12:19:03

DOCUMENTO: 20220841334
Fecha: 17/03/2022
Hora: 12:18

*O sistema para dar de baixa definitiva na escola a un/unha alumno/a, será por escrito, por parte das familias, con 15 días de antelación, no caso contrario, cobrarase o mes correspondente completo.*

***6.4. Dereito de admisión***

*A escola resérvase o dereito de admisión e o dereito á non renovación ou nova matriculación de aquel alumnado que non respecte as normas de funcionamento do centro recollidas no presente Regulamento ou as familias que non asinen a aceptación da mesma no momento de formalizar a matrícula.*

*A documentación necesaria para a matrícula será:*

- *ficha de datos cuberta polas familias: pais/nais, titores/as e representantes legais*
- *DNI da familia*
- *autorización xeral para tratamento de audiovisuais, protección de datos, etc…asinado polos pais/nais, titores/as e representantes legais do neno/a*
- *informe médico de que non padece enfermidade infecto-contaxiosa que impida a súa escolarización; de ser o caso, aparecerán reflectidas as alerxias, intolerancias ou incidencias de calquera índole*
- *tarxeta de vacinación actualizada*
- *fotocopia do libro de familia onde apareza rexistrado o neno/a*
- *sentenza de demanda de divorcio e escrito do xuíz ou do persoal de benestar social que leve o caso, se fose preciso, especificando quen ten a custodia do neno/a, réxime de visitas etc.*
- *4 fotos carné do neno/a.*

***7. PROCEDEMENTO DE INGRESO***

***7.1. RENOVACIÓNS***

- ✓ *Os nenos e nenas que renoven praza na escola, entregarán* ***no mes de Marzo****, a documentación de renovación de praza.*
- ✓ *Os nenos e nenas que non renoven durante o prazo establecido, terán a consideración de NOVO INGRESO.*

***7.2. NOVOS INGRESOS***

*O prazo de solicitude de praza na escola abrirase no mes de Marzo.*

*Os pais, nais , titores/as ou representantes legais do neno ou nena presentarán a solicitude para o ingreso no modelo oficial.*

*Para a formalización da matrícula, farase efectivo o pago da mesma e cubrirase o contrato-matrícula para a prestación de servizos que o vinculará coa escola durante ese curso escolar, que comeza en setembro dese ano.*

*Todos os nenos e nenas que non obteñan praza, teñen dereito a solicitar lista de espera, non tendo compromiso algún de aceptación da praza no caso de que quedase unha vacante e tampouco terán que pagar a cota correspondente á matrícula ata que obteñan praza e decidan comezar na escola.*

*A matrícula garante a praza en setembro dese mesmo ano, sempre e cando se siga cumprindo a normativa da escola.*

***7.2.1. Composición da comisión da baremación***

*O procedemento de reserva de praza e ingreso tramitarase pola Comisión de Baremación en función da puntuación obtida polos pais/nais, titores/as ou representantes legais no baremo que avalía aspectos socio-familiares, laborais e económicos da unidade familiar, entendida esta como: a formada polos cónxuxes (ou persoas vinculadas por relación afectiva análoga) e fillos menores de dezaoito anos ou fillos maiores de dezaoito anos cunha minusvalía superior ó 33%.*

*A comisión está presidida por:*

- *alcalde/alcaldesa ou persoa en quen delegue.*
- *Vogais:*
  - *O/a director/a da Escola Infantil Municipal.*



CSV: 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/03/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/03/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/03/2022 12:19:03

DOCUMENTO: 20220841334
Fecha: 17/03/2022
Hora: 12:18

- *Unha/un traballadora/traballador municipal da área da que dependan a Escola Infantil Municipal de Ribeira.*
- *O/a xefe/a de servizo do Departamento de Servizos Sociais do Concello.*

***7.2.2.*** *Sen que exista unha porcentaxe fixa de reserva, darase prioridade aos supostos de máxima urxencia, entendendo por tales os que afectan a menores tutelados pola Consellería de Política Social, aos/ás fillos/as de mulleres que se atopan en Casas de Acollida, e aqueles outros que concorran circunstancias socioeconómicas e familiares que requiran unha intervención inmediata, e que serán valoradas polo Departamento de Servizos Sociais do Concello.*

***SITUACIÓN ECONÓMICA*** *(a cubrir pola Administración)*

- *Inferior ao 30% do IPREM* *+4 ptos.*
- *Entre o 30 % e o 50% do IPREM* *+3 ptos.*
- *Superior ao 50% e inferior ao 75% do IPREM* *+2 ptos.*
- *Entre o 75% e o 100% do IPREM* *+ 1 pto.*
- *Superior ao 100% e inferior ao 125% do IPREM* *- 1 pto.*
- *Entre o 125% e o 150% do IPREM* *- 2 ptos.*
- *Superior ao 150% e inferior ao 200% do IPREM* *- 3 ptos.*
- *Igual ou superior ao 200% do IPREM* *- 4 ptos.*

***SITUACIÓN LABORAL FAMILIAR***

- *Ocupación da nai* *4 ptos.*
- *Ocupación do pai* *4 ptos.*
- *Situación laboral de desemprego da nai* *2 ptos.*
- *Situación laboral de desemprego do pai* *2 ptos.*

***7.2.3.*** *Concluído este proceso elevaranse á Alcaldía a proposta coa lista de persoas admitidas e as listas de espera por orde de puntuación e unha vez aprobada a proposta faranse públicas as listas provisionais no taboleiro de anuncios do Concello así como na Escola Infantil Municipal de Ribeira.*

***7.2.4****. No prazo de 10 días hábiles, contados desde a data da publicación da relación provisional, os solicitantes que o desexen poderán efectuar as reclamacións que estimen oportunas debidamente documentadas, así como solucionar a falta ou acompañar os documentos preceptivos enumerados no punto 3 do artigo 15 que non se achegasen coa solicitude, ao abeiro do que establece o artigo 71 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e coa advertencia de que se así non o fixesen no referido prazo teráselle por desistidos na súa petición.*

***7.2.5.*** *Unha vez estudadas pola comisión todas as reclamacións presentadas e resoltas procederase á publicación da relación definitiva de admitidos e da lista de espera coa puntuación obtida en cada caso.*

*Os/as solicitantes admitidos recibirán notificación por escrito da resolución e disporán de 15 días naturais para comparecer na Escola Infantil Municipal co fin de confirmar a súa praza e achegar a documentación complementaria.*

*As vacantes que se vaian producindo ao longo do curso serán cubertas por rigorosa orde de puntuación entre os solicitantes da lista de espera.*

***7.2.6.*** *Cada tres meses o Concello de Ribeira fará unha revisión das cotas gratuítas co obxecto de adecuar o máximo posible a situación socioeconómica da unidade convivencial co tipo de tarifa.*

*Coa mesma finalidade, todos os solicitantes deberán notificarlle ao Concello de Ribeira calquera cambio producido na situación socioeconómica e familiar.*



CSV: 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/03/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/03/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/03/2022 12:19:03

DOCUMENTO: 20220841334
Fecha: 17/03/2022
Hora: 12:18

***7.3. CASOS ESPECIAIS***

- *Caso de nenos e nenas que non comecen en setembro*
  *As familias que decidan matricular aos seus fillos e fillas, e que a día 1 de setembro non puidesen comezar o curso escolar deberán aboar as mensualidades restantes ata o momento do inicio do neno/a na escola, a cota a pagar será a de media xornada, co importe máximo que corresponda segundo cada curso escolar.*

  *No caso de non pagar esas mensualidades, perderían a praza.*

- *Se houbesen prazas dispoñibles ao longo do curso, admitiranse novas solicitudes que serán obxecto de baremación nas segundas quincenas dos meses de xullo, setembro e novembro, así como cando a comisión de baremación o considere necesario.*

***7.4. MATRÍCULA***

*A matrícula formalizarase por parte dos pais/nais, titores/as ou representantes legais mediante:*

- *Escrito de confirmación (reserva) de praza asinado pola familia.*
- *Pago da cota correspondente.*

*A escola entregará no momento da formalización:*

- *Resumo do regulamento de réxime interno do centro onde xa irá especificado o sistema de baixa no caso de impago de cotas, de adxudicación de vacantes ao longo do curso escolar, o sistema de altas e baixas e de confirmación de praza.*
- *Copia do escrito da reserva de praza.*
- *Escrito de confidencialidade dos datos conforme á lei Orgánica de Protección de datos.*

***ALTAS***

*No momento do seu ingreso no centro, abriráselles un expediente persoal a cada neno/a no que constarán, con carácter confidencial, os datos de filiación, sanitarios, enderezo e teléfono para avisos en casos de urxencias, así como cantas circunstancias aconsellen unha atención diferenciada.*

***CAUSAS DE BAIXA***

*En caso de baixa voluntaria é obrigatorio comunicala por escrito ante a Dirección do Centro cun mínimo de quince días de antes do comezo do mes de inicio da baixa. A dirección entregará unha copia da baixa ao Concello e á familia.*

*Causarase baixa na Escola de Educación Infantil Municipal de Ribeira por algunha das circunstancias seguintes:*

1. *Por incumprimento da idade máxima regulamentaria de permanencia no Centro de Educación Infantil.*
2. *Por solicitude dos pais/nais, titores/as ou representantes legais.*
3. *Circunstancias laborais dos proxenitores, titores/as ou representantes legais.*
4. *Problemas de saúde do/a neno/a.*
5. *Pola falta de pagamento da cota establecida durante dous meses consecutivos ou tres alternos, calquera que sexa o curso escolar ao que se refira a débeda. A baixa tamén afectará, se fora o caso, á reserva/confirmación de praza actualizada para o curso seguinte.*
6. *Por comprobación de falsidade dos documentos ou datos achegados.*
7. *Por incompatibilidade e inadaptación absoluta para permanecer no centro.*
8. *Por falta de asistencia continuada durante un mes sen causa xustificada.*
9. *Por incumprimento reiterado das normas de funcionamento da Escola Infantil Municipal de Ribeira que se detallan no presente regulamento e outras que decida o centro.*

*As baixas por incompatibilidade ou inadaptación serán resoltas pola Alcaldía a proposta da Comisión Educativa, previo informe da Directora do Centro e da traballadora social dos servizos sociais municipais.*



CSV: 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/03/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/03/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/03/2022 12:19:03

DOCUMENTO: 20220841334
Fecha: 17/03/2022
Hora: 12:18

***En todo caso nesta resolución garantirase a integración das persoas con algunha discapacidade e os dereitos que lles recoñece a lexislación de forma que o padecemento dalgunha destas nunca poderá ser motivo de baixa.***

***As baixas producidas ao longo do curso escolar por calquera dos motivos anteriormente expostos cubriranse coas solicitudes que quedasen na lista de espera, en cada grupo de idade por rigorosa orde de puntuación.***

***9. PERÍODO DE ADAPTACIÓN***

*A asistencia á escola é para os nenos e nenas un paso importante no camiño que lles levará a converterse en adultos. Para moitos deles supón a primeira saída do ámbito familiar: teñen que adaptarse a uns espazos descoñecidos, a ritmos e rutinas novos, a compañeiros e adultos cos que terán que establecer relacións...*

*O período de adaptación é aquel tramo de tempo que dedicamos a vivir cos nosos nenos/as todas as rupturas que supón a súa incorporación ó centro educativo, comprendéndoos no que senten e apoiándoos na busca de solucións positivas ós problemas que se dan.*

*É á vez un camiño e un proceso; non todos os alumnos/as o andarán co mesmo ritmo, é algo que teñen que realizar por se mesmos/as, unha conquista persoal e como tal hai que valorala. Non ten unha temporalidade fixa; depende de cada neno/a, das súas circunstancias particulares, da capacidade da escola para adaptarse ás peculiaridades e personalidade de cada alumno/a en concreto.*

*A música axúdalles neste período de adaptación a medrar, madurar, afirmarse na súa propia identidade, manifestar de xeito espontáneo os seus sentimentos fronte a escola e a separación familiar, e iniciar, desta maneira, o coñecemento e a adaptación ó mundo exterior.*

*Na nosa Escola, planificamos o Período de Adaptación de acordo ao Protocolo, tendo en conta que acudir por primeira vez á escola en períodos curtos de tempo vai favorecer unha rápida adaptación á mesma*

- *Unhas semanas antes de que comece o curso, faremos unha reunión con tódolos pais e nais, titores/as ou representantes legais dos nenos/as que acudirán á escola para explicarlles como vai ser o período de adaptación: actitudes dos nenos/as, tempo de permanencia na escola, actitude que manterán os pais/nais, titores/as ou representantes legais e así para favorecer a adaptación…*
- *Os 2 primeiros días acudirán como máximo 1 hora á escola, da cal 15 minutos poderán pasar os pais/nais con eles, para facer de vínculo familia-escola.*
- *Os tempos serán flexibles neste período de xeito que a adaptación do neno ou nena sexa de forma gradual, aumentando pouco a pouco o período de estancia no centro, seguindo as indicacións do educador/a.*
- *Cando o/a educador/a o considere, os nenos e nenas que se adapten ben á nova situación xa poden acudir en horario habitual, por outra banda, os nenos e nenas que precisen vir máis días en períodos curtos de tempo, poderán facelo ata que sexa conveniente ampliar a xornada.*
- *Durante a primeira semana, poderán levar un obxecto que lles dea seguridade: boneco, foto de mamá e papá…*
- *É conveniente que todos os nenos e nenas que usen chupete traian un para quedar na escola, xa que é un elemento que os calma bastante na adaptación.*
- *Ao remate do período de adaptación ( aprox. 1 mes despois de comezar a escola ) enviaráselles a todos/as os nenos/as un informe explicando como foi este período para o neno/a.*
- *As actividades realizadas neste período son de coñecemento do grupo e da/o educador/a, da escola e demais persoal que traballa no centro. Paseando polas dependencias da escola, aprendendo os nomes das/os educador/as e dos compañeiros/as .*
- *A/o educador/a facilitará información diaria do estado do neno ou nena na escola neste período.*

*Este período de adaptación pódese dar por terminado cando se consiga unha certa estabilidade emocional no grupo, asuman con máis tranquilidade os momentos de separación e reencontro coas familias, así como a totalidade de tempo de estancia ó centro.*

*Poden darse situacións de regresión, pero non serán tales se os adultos que conviven con eles (familia e educadores/as) somos capaces de admitilas e comprendelas, asociándoas a procesos normais do desenvolvemento evolutivo que permiten reelaborar e reforzar situacións aparentemente asimiladas ou interiorizadas.*

***10. RÉXIME DE SAÍDAS***

*No caso de que a escola realice algunha saída do centro, será avisada por escrito e con antelación a todos os pais e nais, titores/as e representantes legais que deberán dar o seu consentimento, no caso de que non consintan a saída, o rapaz ou rapaza quedará na escola co resto do persoal.*

*As saídas favorecen a adquisición de habilidades no ámbito da mobilidade, da organización e da autonomía persoal, así como ampliar as experiencias e coñecementos dos/as nenos/as, previa autorización por escrito por parte dos pais/nais, titores/as ou representantes legais.*

*Estas saídas teñen como obxecto:*



CSV: 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/03/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/03/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/03/2022 12:19:03

DOCUMENTO: 20220841334
Fecha: 17/03/2022
Hora: 12:18

- *Establecer relacións sociais nun ámbito cada vez máis amplo.*
- *Establecer vínculos fluídos de relación cos adultos e cos seus iguais.*
- *Observar e explorar o contorno inmediato cunha actividade de curiosidade.*
- *Coñecer algunhas manifestacións culturais do seu contorno.*

***RECOLLIDA DOS/AS MENORES***

*Ao rematar a xornada, os menores serán entregados aos pais, titores ou representantes legais agás que estes autorizasen expresamente á Dirección del Centro que se realice a entrega a outra persoa distinta que, en todo caso, deberá estar debidamente identificada.*

***11. HORARIO DE VISITAS***

*Non se permite a entrada libre na escola por varias razóns:*

- *Hixiénicas, xa que entran co calzado da rúa.*
- *Organización da aula: xa que os horarios de entrada e saída son moi dispares e estarían interrompendo continuamente o traballo na aula.*

*Establécese o seguinte horario de visitas:*

- *1ª visita , día da entrevista inicial coa directora, na que se veñen a informar do funcionamento da escola, prezos, horarios e na que se coñecen as instalacións da escola, interiores e exteriores*
- *2ª visita e sucesivas: titorías coa educadora e reunións trimestrais do grupo.*

***ACCESO DE NAIS EN PERÍODO DE LACTANCIA.***

*Cando os/as menores estivesen en período de aleitar, as nais terán acceso ao centro no horario que fora preciso, sen que este feito altere o normal funcionamento deste. Para a debida alimentación dos/as nenos/as, a Dirección do centro habilitará a dependencia oportuna.*

***ESTRUTURA ORGANIZATIVA***

***1. ORGANIZACIÓN INTERNA***

*A escola está formada por:*

- ***Dirección do centro**: O/A director/a do centro realizará funcións de planificación, xestión, representación e comunicación relacionada co centro.*
- ***Equipo Educativo**: Educadores/as e persoal de apoio, cuxas funcións básicas son a de atención ás necesidades básicas e levar a cabo o proceso ensinanza-aprendizaxe.*
  *O número de persoal educativo será, como mínimo, o estipulado na normativa vixente en función das unidades en funcionamento.*
- ***Persoal de Servizos Xerais:** encargado das tarefas de limpeza e alimentación.*

***ÓRGANOS COLEXIADOS***

- *Comisión de Baremación*
  *A comisión está presidida por:*
  - *Alcalde/alcaldesa ou persoa en quen delegue.*
  - *Vogais:*
    - *O/a director/a da Escola Infantil Municipal.*



CSV: 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/03/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/03/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/03/2022 12:19:03

DOCUMENTO: 20220841334
Fecha: 17/03/2022
Hora: 12:18

- *Unha/un traballadora/traballador municipal da área da que dependan a Escola Infantil Municipal de Ribeira.*
- *O/a xefe/a de servizo do Departamento de Servizos Sociais do Concello.*

***2. PROCEDEMENTO PARA SUBSTITUCIÓNS E IMPREVISTOS DE PERSOAL***

*En caso de producirse algunha baixa inesperada, cubrirase na maior brevidade posible, cubríndoa inicialmente por unha das persoas de apoio, xa que posúe a titulación correspondente para levar unha aula.*

*Si a baixa está programada con anterioridade, procédese a contratar persoal de substitución, que conte coa titulación correspondente, procurando que sexa alguén que xa coñeza aos nenos e nenas, por exemplo, xente que fixo as prácticas na escola e ten a titulación adquirida ou persoal específico para cubrir vacacións, que intentamos que sexan sempre as mesmas, de ano en ano.*

*Para iso a escola conta cun arquivo de Currículos Vitae de profesionais coa titulación e formación axeitada e conforme a normativa vixente.*

***NORMATIVA REFERENTE A TODO O PERSOAL***

***1. RELACIÓN DE PERSOAL***

*O centro conta co seguinte persoal:*

- *Director/a*
- *Educadoras/es*
- *Persoal de Apoio*
- *Persoal de Servizos Xerais*

*Os recursos humanos dos que dispón a escola son os requiridos na normativa vixente en función do número de usuarios/as da escola. Cumprindo en todo momento as ratios establecidas legalmente.*

*O persoal disporá polo menos das titulacións mínimas establecidas na normativa reguladora vixente (Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, Real Decreto 476/2013, de 21 de xuño por el que se regulan las condiciones de cualificación y formación que deben poseer los maestros de los centros privados de Educación Infantil y de Educación Primaria, Art. 2.2.. (BOE núm. 167, de 13 de xullo e Real Decreto 132/2010 , de 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos de centros que impartan as ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria).*

*As súas funcións enmarcaranse nas establecidas no convenio colectivo vixente e na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (Capítulo 1. Funciones del profesorado. Artigo 91. Funciones del profesorado.) ou modificacións posteriores.*

*Ademais, todo o persoal contará con formación referente aos seguintes aspectos:*

- *Formación básica en Primeiros Auxilios.*
- *Formación en Hixiene Alimentaria con carné de Manipulador de alimentos vixente.*
- *Formación básica de Prevención de Riscos Laborais.*
- *Coñecemento do Plan de Evacuación e Emerxencias do centro.*
- *Certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes Sexuais, que garante non ser condenado por sentencia firme por algún delito contra a liberdade sexual.*

*Ademais, todo o persoal será bilingüe, estará perfectamente cualificado para desenvolver o seu traballo en lingua galega e en castelán, e acreditará o seu bo estado de saúde mediante un recoñecemento médico anual que acredita que non padece enfermidade infecto-contaxiosa nin defecto físico ou psíquico que impida as funcións na escola (art. 20.4.c) do Decreto 329/ 2005 do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia).*

***2. DEREITOS E OBRIGAS DO PERSOAL***

*O/a educador/a realizará a súa función orientada na realización dos fins educativos, cooperando coa dirección do centro no cumprimento da normativa vixente en materia de ensino.*



CSV: 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/03/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/03/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/03/2022 12:19:03

DOCUMENTO: 20220841334
Fecha: 17/03/2022
Hora: 12:18

***2.1. Dereitos***

- *Que o centro facilite os medios necesarios para desenvolver a súa labor en condicións de liberdade, dignidade e seguridade.*
- *Promover iniciativas.*
- *Exercer seus dereitos laborais de acordo coa lexislación vixente.*

***2.2. Obrigas***

- *Extremar o cumprimento das normas éticas que esixe a súa función educativa.*
- *Asegurar de xeito permanente o seu propio perfeccionamento educativo e pedagóxico.*
- *Colaborar coa dirección do centro no mantemento da convivencia e boa relación académica do centro.*
- *Colaborar na realización de actividades extraescolares.*
- ***Entre o persoal***
  - *Fomentar e manter unha boa relación entre todo o persoal, aceptando as persoas individualmente e promovendo unha unidade grupal, para acadar un óptimo funcionamento da escola.*
  - *Valorar positivamente as distintas funcións dos compañeiros e compañeiras*
- ***Horarios***
  - *Puntualidade. todo o persoal deberá estar no seu posto á hora indicada para o seu comezo de xornada, cambiado e listo para comezar a desempeñar as súas funcións, polo que se recomenda chegar á escola 5-10 minutos antes para cambiarse.*
  - *A xornada de traballo ou o cambio da notificada pola dirección do centro e cada ano poderá sufrir modificación.*
- ***Reunións***
  - *Como mínimo, cada trimestre, e cantas veces resulte preciso, celebrarase reunión do persoal educativo co obxectivo da posta en común de criterios educativos, planificación de actividades e celebracións e avaliación do proceso educativo.*

- ***Colaboración en festas e actividades extraescolares***
  - *Todo traballador/a colaborará en festas e actividades extraescolares, aínda que estas non entren directamente no seu horario laboral, estas festas e actividades serán sempre en horario de luns a venres.*
- ***Limpeza e coidado das aulas***
  - *Cada traballador/a terá a obriga de manter o seu posto de traballo nas mellores condicións de orde e hixiene, polo que deberá ordenar e limpar a aula coa frecuencia que sexa precisa para acadar este obxectivo. Este mantemento levarase a cabo dentro da xornada de cada traballador e será este último quen decida o horario que mellor lle convén para a súa realización. As mudas de cada neno ou nena estarán dentro da súa bolsa, comprobando as/os educadores/as unha vez por semana que está completa.*
  - *Pasarase por auga a roupa de vómito ou feces no momento e meterase nunha bolsa de plástico e colgarase na seu percha ou dentro da mochila se a ten. Asegurarase de que esa roupa é entregada no mesmo día en que se manchou. Se non se está para entregar ao neno/a avisade á persoa que o vai entregar.*
- ***Programación***
  - *Cada educador/a terá que realizar a Programación de Aula e será responsable da súa execución.*
- ***Cambios de xornada***
  - *A xornada de traballo de cada educadora e resto de persoal será notificado pola empresa con antelación suficiente e terá carácter rotativo anual. Se durante o curso fose preciso cambiar o horario, por motivos de baixas de outras educadoras, a dirección notificará os cambios nas xornadas, se fose necesario.*
- ***Métodos de traballo na escola***
  - *O método de traballo na escola seguirá un patrón común para todas e todos os traballadores da empresa, podendo moldear cada educadora, os obxectivos, ó seu xeito de realizar as actividades. Estes obxectivos divídense no traballo na aula:*
    - *Establecer unhas rutinas diarias: asemblea, actividades grupais de mesa, actividades psicomotrices, hora da merenda, cambio de cueiro.*
    - *Promover a adquisición de hábitos: hixiene, orde, limpeza.*
    - *Adquirir o desenvolvemento da autonomía: fomentando hábitos de autonomía para facer nenos e nenas independentes e maduros.*



CSV: 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/03/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/03/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/03/2022 12:19:03

DOCUMENTO: 20220841334
Fecha: 17/03/2022
Hora: 12:18

- *Acadar unha boa coordinación familia-escola: traballando diariamente as relacións familia-escola, para acadar un óptimo entendemento entre as mesmas.*

***3. FUNCIÓNS E RESPONSABILIDADES DE CADA PERSOA.***

***1. Dirección do centro***

*O/a director/a é o representante do centro e o responsable do seu correcto funcionamento.*

*A súas funcións son:*

- *Exercer a xefatura organizativa do persoal adscrito ó centro, ostentando a representación da Escola Infantil perante calquera outra entidade pública ou privada.*
- *Responsabilizarse da correcta xestión do centro.*
- *Supervisar e organizar o traballo de todo o persoal da escola.*
- *Elaborar a programación xeral anual e a correspondente memoria anual da escola.*
- *Dinamizar a elaboración do proxecto Educativo da Escola e da proposta pedagóxica en colaboración directa co persoal educativo.*
- *Cumprir e facer cumprir as leis, disposicións vixentes, regulamento de réxime interior e cantas disposicións emanen dos órganos competentes da Consellería e do concello que lle afecten á escola Infantil.*
- *Supervisar, coordinar e facer cumprir o correcto desenvolvemento das actividades programadas.*
- *Organizar e supervisar o traballo administrativo: prescrición, recibos, comunicacións, altas e baixas, etc.*
- *Remitirlles ós órganos da Consellería e do Concello cantos informes e datos sexan requiridos relativos ós menores atendidos ou a aspectos organizativos e funcionais do centro.*
- *Autorizar actuacións extraordinarias para o normal desenvolvemento do centro.*
- *Convocar e presidir reunións, así como executar e facer cumprilos acordos adoptados nas mesmas.*
- *Prestar atención personalizada ós usuarios tanto a través do desempeño da función educativa como directiva (a esta poderá asignar ata un máximo de tres horas diarias, en ningún caso cadrando cos momentos de maior afluencia de nenos).*
- *Realizar co equipo educativo a avaliación das diversas actividades xerais do centro: festas, reunións xerais, etc.*
- *Supervisar os diversos servizos do centro: comedor, limpeza, etc.*
- *Fomentar a participación das familias.*
- *Participar en actividades de formación e promover a formación continua do persoal.*
- *Comunicar ao Departamento de Servizos Sociais do Concello as incidencias relativas ás necesidades de mantemento da escola, baixas do persoal e calquera outra circunstancia que afecte ao ordinario funcionamento da escola.*

***2. Equipo educativo (Mestras/es e Educadoras/es):***

*As súas funcións son:*

- *Tratar e chegar a acordos sobre os temas de carácter pedagóxico ou metodolóxico.*
- *Acordar e levar adiante as propostas educativas.*
- *Planificar e desenvolver actividades da aula como as diferentes festas e celebracións que se realicen, talleres e actividades complementarias.*
- *Acordar o Plan de formación para o persoal.*
- *En todo momento o persoal educativo estará coordinado polo director ou directora do centro.*
- *A coordinación entre todo o persoal, para tratar aspectos organizativos xerais do centro, así como a condución da actividade de todo este persoal por parte da dirección do centro, resulta necesaria para conseguir un bo funcionamento.*
- *Cada grupo de alumnos/as terá asignado un/unha titor/a, que será designado/a pola dirección, e será o responsable de levar a cabo na aula as decisións tomadas polo equipo educativo.*

*Ademais, terán* ***funcións máis específicas,*** *como:*

- *Establecer vínculos afectivos co seu alumnado, sendo figura de referencia emocional para nenos e nenas.*
- *Fomentar a autonomía persoal do alumnado.*
- *Coñecer as características persoais de cada alumno/a do seu grupo e recollelas no seu expediente persoal, así como un seguimento global da súa evolución e adaptación ao centro.*



CSV: 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5

| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/03/2022<br>MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/03/2022<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/03/2022 12:19:03 | DOCUMENTO: 20220841334<br>Fecha: 17/03/2022<br>Hora: 12:18 |
| --- | --- | --- |

- *Colaborar coa dirección na elaboración e actualización do proxecto Educativo do centro. Revisar como se reflicte o Proxecto Educativo de Centro e a súa Proposta Pedagóxica no traballo da aula.*
- *Levar a cabo a planificación do traballo diario. Organizar as actividades, recursos, materiais e metodoloxía necesaria para poñer en práctica o programa educativo desenvolvido no Proxecto Educativo do Centro.- PEC e na Proposta Pedagóxica.*
- *Proporcionar aos pais e nais, ao principio de curso, información documental sobre o calendario escolar, horarios, actividades escolares e complementarias, programas escolares e criterios de avaliación do grupo que lle corresponda.*
- *Confeccionar os programas didácticos a desenvolver co seu grupo e poñelos en práctica, así como os elaborados nas reunións do equipo educativo.*
- *Manter unha relación formal coas familias, así como transmitirlles información periódica, e fomentar a súa participación nas actividades que se organicen desde a escola.*
- *Participar nas actividades de formación permanente.*
- *Prestar especial atención ao período de adaptación.*
- *Avaliar o funcionamento e a organización da escola e propor iniciativa para a mellora do seu funcionamento ante a dirección desta.*
- *Outras funcións debidamente acordadas coa comunidade educativa.*

***3. Persoal de apoio***

*Persoal ao coidado da orde, seguridade, entretemento, alimentación, aseo e atención persoal dos nenos e nenas, colaborando en todo momento cos titores/as responsables de cada aula, e baixo a supervisión directa da dirección da escola.*

*As súas funcións son:*

- *Atender ás necesidades dos alumnos/as do aula na que estea realizando o apoio nese momento.*
- *Calquera outra función que lle sexa encomendada pola dirección do centro ou titor no ámbito das súas competencias.*

***Funcións comúns de todo o persoal educativo e de apoio da escola:***

- *Atender ás entradas e saídas dos/as nenos/as da escola no seu conxunto.*
- *Dar almorzos, comidas e merendas aos nenos e nenas, sempre que estean dentro da súa xornada laboral.*
- *Interludio inicial coas familias usuarias e posibles provedores, ben sexa vía telefónica ou presencial.*

***4. Persoal de Servizos Xerais***

*Persoal cuxas funcións se basean en labores de cociña e limpeza.*

- ***persoal de cociña.-** É a persoa encargada da confección de menús, compra, preparación dos alimentos, responsabilizándose do seu bo estado e preparación, así como da limpeza do local e utensilios de cociña.*
- ***Persoal de limpeza**.- É aquel que atende a función da limpeza das dependencias encomendadas, seguindo as instrucións da dirección da escola.*

***NORMATIVA REFERENTE AOS NENOS E ÁS NENAS***

***1. DEREITOS DOS NENOS E NENAS***

- *A ser educados/as en igualdade, a ter os mesmos dereitos e posibilidades sen distinción de sexo, cultura, orixe ou relixión.*
- *A unha educación global, na que se desenvolvan tódolos principios básicos e obxectivos do currículo da educación infantil.*
- *A contar con educadores/as especializados/as, formados con continuidade.*
- *A ser educados nun ámbito educativo cálido, agarimoso e especializado en educación.*
- *Acceder ao centro e recibir asistencia sen discriminación por razón de nacionalidade, sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, xa sexa de nenos, nenas ou adultos.*
- *A que os/as nenos/as reciban unha formación que asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade.*



CSV: 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/03/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/03/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/03/2022 12:19:03

DOCUMENTO: 20220841334
Fecha: 17/03/2022
Hora: 12:18

- *A que os/as nenos/as reciban unha formación integral nas dúas linguas oficiais do estado, na medida do posible. Sen prexuízo disto, tratarase de potenciar o uso da lingua galega, pero sempre respectando o dereito dos pais a elixir a lingua con que pretende que se forme ós seus fillos/as.*
- *A que se respecte a integridade e dignidade persoal dos/as nenos/as.*
- *Sixilo profesional acerca dos datos ou historia social, sanitaria ou escolar.*
- *A que os/as nenos/as realicen as saídas velando pola súa seguridade, sempre e cando vaian acompañados dos adultos responsables do seu entorno familiar, o en todo caso con autorización escrita por parte dos pais, nais ou representantes legais.*
- *Á intimidade persoal en función das condicións estruturais do centro.*
- *A que se lle facilite o acceso á atención social, sanitaria, educación, cultural e, en xeral a tódalas necesidades persoais que sexan precisas para conseguir o seu desenvolvemento integral.*
- *A recibir un tratamento individualizado de contido educativo cara á súa integración socio familiar, que terá como obxectivos prioritarios a súa protección, educación e formación.*
- *A ser educados/as para a comprensión, tolerancia e convivencia democrática, posibilitándolles que poidan facer uso das súas opcións de forma libre e persoal.*

***2. NORMAS DE FUNCIONAMENTO***

***2.1. NORMAS DE SAÚDE***

- *Un/unha neno/a enfermo/a non pode asistir á escola infantil. No caso de enfermar no centro, avisarase para que sexa recollido na maior brevidade posible.*
- *Cando se sospeite da incubación dunha enfermidade infectocontaxiosa non se deberá traer ó/á pequeno/a ó centro.*
- *A dirección da Escola poderá solicitar aos pais/nais, titores/as ou representantes legais, por se o considerase necesario, un certificado médico no que quede constancia de que o cativo/a poderá asistir con normalidade ó centro por non existir risco de contaxio.*
- *É obrigatorio comunicar ó centro se o neno/a é alérxico a algún alimento (aínda que non coma na escola), medicamento, ou produto (plastilina, témperas)*
- *Tamén se debe informar se o pequeno/a ten facilidade para posibles incidentes como sangrar polo nariz, dislocar un ombro, etc.*
- *O persoal da escola non administra ningún medicamento.*
- *Nos casos excepcionais nos que se deban administrar medicinas aos nenos/as e a súa asistencia ao centro esta autorizada polo/a médico, a familia axustará a dose fóra dos tempos de permanencia na escola. Naqueles casos nos que sexa imprescindible administrárllelas na escola, estas deberán ir acompañadas da receita médica actualizada á data do tratamento, na que constará o nome do/a neno/a, o nome do medicamento, forma, dose e periodicidade na administración. Non se administrará ningunha medicación que non veña acompañada da autorización por escrito dos pais/nais, titores/as ou representantes legais. O medicamento debe estar pautado por escrito polo/a médico/a detallando dose e hora.*
- *É importante avisar á escola sempre que o alumno/a non asista, sobre todo se estivese enfermo/a.*

***ENFERMIDADES***

*Para protexer o neno e a nena e os seus compañeiros dos posibles virus e infeccións, esta escola establece unhas normas respecto ás enfermidades que poden contaxiar.Procurarase non traelos se:*

- *Ten máis de 38º de temperatura pola mañá.*
- *Presenta cadro de conxuntivite: ollos pegañosos, irritados…*
- *Ten diagnosticada unha bronquite.*
- *Aparece unha erupción cutánea non diagnosticado polo médico.*
- *Presenta vómitos ou diarrea.*
- *Ten un forte constipado, con febre, esbirros e mucosidade.*
- *Padece enfermidade contaxiosa: rubéola, xarampón, varicela, orellóns...*



CSV: 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/03/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/03/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/03/2022 12:19:03

DOCUMENTO: 20220841334
Fecha: 17/03/2022
Hora: 12:18

***ALERXIAS***

- *Só se atenderán menús destas características que veñan acompañados de un informe médico oficial.*

***2.2. NORMAS DE HIXIENE PERSOAL***

- *Tódolos nenos e nenas asistirán en óptimas condicións hixiénicas*
- *Como os/as nenos/as veñen á Escola Infantil a convivir con outros nenos/as, é imprescindible que o aseo na casa se faga a diario e dunha forma minuciosa de pés a cabeza.*
- *Procurase ter aos nenos/as en liberdade: Non os vamos interromper na súa actividade porque poidan mancharse con barro, témpera, etc.*

***2.3. NORMAS DE ALIMENTACIÓN***

1. *Os Horarios do servizo de comedor son:*
   - *Almorzo: de 07:30 a 09:00 horas.*
   - *Comida: de 12:00 a 13:00, adaptándose tamén aos horarios dos nenos e nenas.*
   - *Merenda: de 17:00 a 17:30 horas.*
2. *Será de carácter mensual ou poderá acoller nenos e nenas de forma puntual sempre que avisen á dirección do centro cun día de anterioridade no caso da comida, e na propia mañá no caso da merenda.*
3. *Os nenos e nenas usuarios/as fixos de comedor e merenda que non vaian a utilizar o servizo deberán avisar con antelación ou ben o mesmo día antes das 9:30 horas da mañá.*
4. *Non se dará ningunha outra comida nin merenda que non sexa a do propio centro, agás aos nenos e nenasque tomen biberóns, e estes deberanos traer as familias,para deste xeito garantir a igualdade de todos os nenos enenas. Soamente naqueles casos de necesidades alimenticias específicas (celíacos, diversas alerxias...) adaptarase o menú ás súas necesidades.*
5. *Ocentro publicará no taboleiro de anuncios e/ou facilitaralles ás familiasunha relación mensual dos menús previstos, os cales proporcionarán unha dieta sa, equilibrada e axeitada para os distintos grupos de idade, cumprindo todos os requisitos esixidos polo ministerio de sanidade.*

6. *Dieta alimenticia*
   - *A Dirección do centro elaborará a dieta alimenticia dos menores, garantindo en todo caso unha alimentación adecuada ás necesidades da idade. Os menús semanais serán expostos no taboleiro de anuncios da EIMR. Os lactantes, ata que comecen a comer purés ou froitas, poderán traer as papas e/ou leites en po, especificando as súas doses.*
   - *Poderá solicitarse da Dirección do Centro, sempre por prescrición facultativa, o establecemento dun réxime especial de alimentación para algún dos menores inscritos que deberá ser comunicado ao centro antes das 09:30 h. A Dirección estudará a viabilidade da solicitude e en caso de que non se poida conceder acordarase a baixa temporal ou definitiva na EIMR segundo que a causa que motivou a solicitude sexa temporal ou permanente.*

   - *É obrigatorio comunicar ó centro se o/a neno/a é alérxico a algún alimento (aínda que non coma na escola), medicamento, ou produto.*

   - *A dieta alimenticia dos bebés e as horas das tomas débense comunicar por escrito na axenda. Tódolos alimentos deberán ser introducidos previamente na casa, e informar á/ó educador/a da introdución de cada un deles.*

   - *Non se poden levar lambonadas á escola. A celebración dos aniversarios corren a cargo do centro.*

***2.4. NORMAS DE VESTIARIO***

1. *Será de uso obrigatorio o modelo de mandilón da propia escola infantil para garantir deste xeito a uniformidade deste e favorecer a identificación dos nenos e nenas nas saidas ao exterior.*
2. *A empresa que xestiona a escola proporcionará ás familias un mandilón e unha bolsa de muda para cada neno/a.*
3. *Toda a roupa debe estar marcada e colgarase na percha que teña a foto do neno ou nena.*
4. *A familia debe traer unha muda completa para deixar no centro (calzón/braga, body, calcetíns, camiseta, pantalón e xersei), que se lles será devolta ao finalizar o curso, e que en caso de necesidade debe repoñerse.*
5. *O calzado debe ser cómodo: evitar botas de plástico nos días de inverno.*
6. *Os nenos e nenas que utilicen cueiros, traerán un paquete ao principio e avisaráselles para a súa reposición.*
7. *Evitaremos os tirantes, lazos, pinzas para o pelo, gomas e aqueles outros afeites que sexan obxectos demasiado pequenos e poidan ser perigosos.*
8. *Evitarase vestir aos nenos e nenas con exceso de roupa dado que a temperatura do centro infantil é controlada a diario con sistema de climatización.*



CSV: 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/03/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/03/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/03/2022 12:19:03

DOCUMENTO: 20220841334
Fecha: 17/03/2022
Hora: 12:18

9. *Os/as menores dun ano deben vestir no centro con roupa cómoda, evitando no posible botóns, peches ou tirantes superfluos. Débense descartar os modelos tipo buzo.*
10. *As prendas débense marcar co nome e apelido para non dar lugar a confusións: gorros, abrigos, mandilóns, xerseis, mudas de reposto, mochilas ou bolsas, calzado, etc. O centro non se fará responsable da perda ou deterioro de prendas de vestir ou outros obxectos.*
11. *Os/as nenos/as non poderán traer obxectos de valor (pulseiras, medallas, cadeas, etc..). no caso contrario o Concello de Ribeira declinará toda responsabilidade.*
12. *Non se admiten xoguetes propios de cada rapaz/a. (evitando de esta forma conflitos e perdas) a excepción dos primeiros días de asistencia , que coinciden co período da adaptación ao centro. Xa que o xoguete ou obxecto de apego serve neste intre como instrumento para o achegamento ao novo contorno e como elemento de socialización.*

### *2.5. NORMAS DE CONVIVENCIA*

***Estas normas de convivencia son a base para acadar unha harmonía no día a día:***

1. *O tempo de permanencia será de oito horas, excepto casos excepcionais debidamente xustificados.*
2. *Os teléfonos de contacto deberán estar actualizados en todo momento.*
3. *Os horarios estipulados na matrícula non se poderán cambiar. Os posibles cambios se solicitarán por escrito coa debida antelación á dirección do centro.*
4. *Todos os nenos que anden deberán traer un mandilón, un vaso de plástico duro e un paquete de panos da man de papel.*
5. *A relación de material necesario facilitaráselles aos pais xunto coa ficha de inscrición.*
6. *Respectar aos demais sen condicionalos por sexo, raza, orixe ou relixión. Todo o material deberá ir marcado co seu nome e apelidos*
7. *Compartir os xogos e xoguetes aceptando que son uns materiais de uso común e non individual.*
8. *Rexeitar a violencia como diálogo, aprendendo a entenderse falando e comprendendo o outro.*
9. *Os/as Pais/Nais, titores/as e representantes legais, deberán entregar e recoller ao/á neno/a nas horas acordadas.*
10. *Se algún día o neno/a tivera que ser recollido por outra persoa, esta deberá estar autorizada expresamente polo pai/nai, titores/as e representantes legais. O persoal da escola está obrigado a solicitar o DNI ou documento identificativo equivalente á persoa que veña recollelos no caso de non coñecela e comprobar se está na listaxe de persoas autorizadas. De non producirse a identificación, o/a alumno/a non poderá ser entregado/a, procedéndose ao contacto coa nai, pai ou representante legal.*
11. *Teranse en conta as cuestións concretas establecidas por resolución xudicial que deberán ser postas en coñecemento da dirección da escola por quen ostenta a garda e custodia do/a neno/a.*
12. *Os proxectos educativos serán obrigatorios e traballaranse na quenda de mañá e na quenda de tarde. Os proxectos educativos que se soliciten polo equipo educativo en función do nivel educativo deberán achegarse por parte das familias ao comezo do curso.*
13. *Os/as nenos/as que permanezan na escola dende setembro ata agosto, poderán gozar dun mes enteiro de vacacións que coincidirá, con carácter xeral, no mes de agosto. Non obstante o anterior, poderase solicitar o seu goce nunha quincena distinta, cando así sexa suficientemente acreditado pola familia.*
14. *Cando os/as nenos/as teñan algunha enfermidade que poida ser sospeitosa de contaxio por favor consultarase a conveniencia de asistir á escola, para evitar contaxios polo ben de todos. Non poderán asistir ao centro con febre, diarrea, vómitos ou enfermidades contaxiosas.*
15. *A matriculación do neno/a na Escola Infantil Municipal de Ribeira supón a total aceptación deste Regulamento de Réxime Interior así como da Normativa específico do centro durante o Curso escolar.*

### *3. USO DAS DEPENDENCIAS E DO MATERIAL*

*A Escola Infantil, ten unha superficie de 2.039,3 m2, dos cales 150,94 m2 son de patio exterior, onde contamos con zona de chan de seguridade de caucho reciclado onde se atopan os tobogáns, balancíns…*

*O espazo interior distribúese en hall/recepción, despacho de dirección, despacho de secretaría, 12 aulas distribuídas nos distintos tramos de idade segundo autorización da Inspección de Centros da Xunta de Galicia,as unidades 0-1 e 1-2 con área de descanso, área de usos múltiples, área de comedor, cociña, e patio exterior.*

*Todas as nosas instalacións cumpren a normativa arquitectónica, de salubridade e seguridade vixente.*



CSV: 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/03/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/03/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/03/2022 12:19:03

DOCUMENTO: 20220841334
Fecha: 17/03/2022
Hora: 12:18

- *Todo o material é de uso común, polo que a norma principal será o coidado do mesmo para o posterior goce dos demais*
- *As aulas deberán ser respectadas como ambiente educativo, polo que terán a obriga de permanecer ordenadas, limpas e estruturadas para tal fin, por parte das educadoras e dos cativos que as empreguen, manter a orde nun espazo común é obriga en beneficio de todos.*
- *O material deberá coidarse, manterse ordenado e clasificado nos armarios destinados a este fin, avisando á dirección no caso de precisar reposición*

***4. A LINGUA***

*A lingua empregada é a lingua materna predominante entre o alumnado, tendo en conta a lingua do contorno e coidando que o alumnado adquira de forma oral e escrita o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites propios de esta etapa, como indica o decreto 330/2009 do 4 de xuño polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.*

*Os documentos oficiais da escola entregaranse en galego e, se os país/nais así o requiren, en castelán.*

*Impartirase como terceiro idioma o inglés.*

***5. FOMENTO DA IGUALDADE ENTRE NENOS E NENAS***

*A escola é o principal axente educativo da infancia e a xuventude. Nela non só se aprenden coñecementos senón que tamén se adquiren actitudes, valores e normas de comportamento. Na escola, a educación non sexista implica a participación non só do profesorado senón tamén da familia e a sociedade en xeral.*

*Algunhas das propostas coeducativas dentro da escola son:*

1. *Observar se as nenas e os nenos amosan na aula ou fóra dela unha actitude respectuosa e tolerante cos demais.*
2. *Dende as primeiras etapas escolares fomentar, nos xogos e dinámicas, que non se discrimine a ninguén.*
3. *Practicar a inversión de papeis, xogando, disfrazándonos, por exemplo, de personaxes do sexo contrario, onde as nenas poidan facer de nenos e os nenos poidan facer de nenas.*
4. *Ensinar a nenas e nenos a utilizar os xoguetes indistintamente, sen pensar no xénero.*
5. *Formar ó profesorado para traballar contra o sexismo na escola.*
6. *Fomentar a creación de talleres coeducativos dirixidos ás nais, pais, titores/as, etc.*
7. *Sensibilizar ás familias na igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e o reparto de tarefas domésticas.*
8. *Valorar a diversidade na escola como unha riqueza social.*
9. *Promover a igualdade real entre mulleres e homes.*
10. *Atender a afectividade e sexualidade das nenas e os nenos dun xeito san e responsable.*
11. *Educar no respecto ós diferentes tipos de familias e ás distintas formas de convivencia.*
12. *Favorecer a participación e a convivencia respectando a diversidade.*
13. *Prever os malos tratos e a violencia de xénero.*
14. *Aprender a usar linguaxes que non discriminen a ninguén.*
15. *Reflexionar sobre o que ensinamos e como o ensinamos.*

***NORMATIVA REFERENTE Á FAMILIA***

***1. DEREITOS E OBRIGAS DOS/DAS PAIS/NAIS, TITORES/AS E REPRESENTANTES LEGAIS***

***DEREITOS***

- *Ser informados da situación do seu fillo/a na escola: desenvolvemento, actitude, progresos…*
- *Solicitar ampliación de dita información en titorías e reunións cos/as educadores/as e director/a.*
- *Ser respectados polos/as educadores/as, directora e demais persoal da escola.*



CSV: 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/03/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/03/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/03/2022 12:19:03

DOCUMENTO: 20220841334
Fecha: 17/03/2022
Hora: 12:18

- *A asociárense co obxecto de favorecer a súa participación na programación e no desenvolvemento de actividades do centro.*
- *A seren informados de xeito comprensible tanto das medidas adoptadas respecto deles como do desenvolvemento diario do/a neno/a, e a pedir explicación de canto afecte á súa propia educación.*
- *A participar nas actividades educativas como: festas escolares, (magostos, Nadal, Entroido,...), contacontos, axudas na preparación de materiais para o traballo dos/as alumnos/as.*

***DEBERES/ OBRIGAS***

- *Informar en todo momento da situación persoal do neno/a no referente ó seu proceso educativo na casa e no seu entorno: gustos, aversión, cambio na situación familiar…*
- *Ser puntuais na hora da traída e recollida.*
- *Ser puntuais no referente á contribución de material solicitado pola escola, á devolución de notas e enquisas enviadas pola mesma.*
- *Ser puntuais nos pagos e nas notificacións das baixas e cambios de horario.*
- *Respectar ás educadoras e demais persoal da escola.*
- *Cumprir a normativa no referente á vestimenta, enfermidades, alimentación e descanso.*
- *Colaborar na medida do posible nas actividades da escola, que serán o eixo da relación familia-escola.*
- *Avisar á escola do cambio de persoas encargadas de recoller ó cativo na escola.*

***2. PARTICIPACIÓN E RELACIÓN COS PAIS E NAIS, TITORES/AS E REPRESENTANTES LEGAIS***

***Participación activa***

*Fomentarase unha relación estreita entre familia-escola porque sabemos que só deste xeito podemos acadar os nosos obxectivos cos nenos e nenas.*

*Comezamos mantendo unha entrevista inicial coas familias para que nos conten cousas dos seus fillos/as para nós poder coñecelos mellor cando teñamos que tratar con eles. Tamén deben cubrir unha ficha onde aparecen datos interesantes do neno/a, dos seus hábitos, dos xogos, dos desenvolvementos, das actitudes…*

*A relación dos pais e nais, titores/as e representantes legais coa escola é fundamental, xa que canto mellor sexa a participación, mellor será o proceso educativo dos nenos e nenas.*

*A coordinación e o coñecemento da vida na escola verase facilitado por:*

- *Entrevista inicial dos pais e nais coa directora e a educadora correspondente*
- *Contactos diarios coa educadora dos vosos fillos e fillas*
- *Titorías mensuais coa educadora do neno/a, desta maneira poderase tratar de xeito específico tódalas cuestións referidas ó desenvolvemento do pequeno*
- *Reunións trimestrais das familias co equipo educativo*
- *Participación en actividades puntuais: celebracións de festas, saídas da escola...*
- *Colaboración na preparación de festas, celebracións, excursións...*

***Escola de pais e nais***

*Realizaranse charlas, xornadas, convivencias onde se informa aos pais, nais e/ou titores legais de temas que sexan do seu interese, compartindo, á súa vez, inquietudes e dúbidas sobre a educación dos seus fillos/as.*

***3. INSTRUMENTOS DE INFORMACIÓN PARA AS FAMILIAS***

*Manteremos contacto diario cos pais e nais, titores/as e representantes legais comentando como pasou o día o neno/a, ademais informaremos a tódalas familias diariamente e de xeito específico de todo o relacionado cos hábitos de hixiene, descanso, comida e as actividades realizadas na axenda electrónica.*

*Cada trimestre teremos unha reunión coas familiaspara informalos das actividades que se van realizar dentro dese período.*



CSV: 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5

| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/03/2022<br>MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/03/2022<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/03/2022 12:19:03 | DOCUMENTO: 20220841334<br>Fecha: 17/03/2022<br>Hora: 12:18 |
|---|---|---|

*Os pais e nais,titores/as e representantes legaisque o soliciten, poderán manter unha titoría co/a educador/a do seu neno/a, para falar do seu progreso, igualmente a poderá solicitar a educadora se houbese algunha incidencia.*

*Tódalas familias serán informadas do período de adaptación dos seus fillos/as mediante un informe que se mandará ó finalizar o primeiro mes do/a neno/a na escola.*

*Mediante o taboleiro de anuncios colocado na entrada da escola, os pais e nais, titores/as e representantes legais serán informados das actividades que se están levando a cabo e onde tamén estarán expostos os menús mensuais e as notas de comunicación directa familia-escola: petición de material, reunións…estas notas tamén serán enviadas persoalmente por medio dos nenos/as ás familias.*

*Outro xeito de que exista unha estreita colaboración é convidando a pais e nais, titores/as, representantes legais, avós, avoas…a participar activamente nas reunións, festas, celebracións, contacontos, saídas…xa que así toman contacto directo co noso xeito de traballar.*

***RÉXIME DE COBRAMENTO***

***1. MATRÍCULA***

*A matrícula corresponde a un curso escolar.*

*Os cambios de xornada: diminución ou aumento deberán ser notificados á dirección nun prazo mínimo de 15 días de antelación, de non ser así, aboarase a contía correspondente á contratada, no caso de que a nova sexa inferior*

*Haberá uns horarios a respectar para o bo funcionamento do centro:*

- ***Horarios de xornada completa:***
  1. *Xornada continua de mañá, de 7:30 a 15:30 h.*
  2. *Xornada continua de tarde, de 15.30 a 21.00 h.*
  3. *Xornada partida de 9.00 a 13.00 e 15.30 a 19.30 h.*
  4. *Por quendas (días ou semanas alternos en horas distintas en distintos horarios).*
- ***Horarios de media xornada:***
  *Será un máximo de catro horas, en horario de mañá de 9:00 a 13:00 ou de tarde de 15:30-19:30 horas.*

*A matriculación do neno ou nena nesta Escola Infantil supón o coñecemento e aceptación das normas de funcionamento que contén o presente Regulamento de réxime Interior a disposición de tódolos/as usuarios/as.*

***2. RÉXIME DE ACTUALIZACIÓN DE PREZOS***

*Os prezos dos servizos son os que se detallan na ordenanza fiscal reguladora do prezo público do centro de atención á primeira infancia de Ribeira vixente para cada curso .*

*Os prezos das cotas poden ser actualizadas de acordo ao IPC anual*

***3. FORMA E PERÍODO DE PAGO***

*Rexerase polo indicado na ordenanza fiscal vixente cada ano. A citada ordenanza facilitarase ás familias como anexo ao regulamento.*

*O réxime de pagamento será mediante domiciliación bancaria nos primeiros 5 días de cada mes.*

***4. RÉXIME DE RESERVA DE PRAZA PARA O CASO DE AUSENCIAS/VACACIÓNS***



CSV: 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5 en la Sede Electrónica de la Entidad

| FIRMANTE - FECHA | DOCUMENTO: 20220841334 |
|---|---|
| JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/03/2022<br>MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/03/2022<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/03/2022 12:19:03 | Fecha: 17/03/2022<br>Hora: 12:18 |

*No caso de vacacións ou ausencias debidamente xustificadas o centro reservara a praza do/a alumno/a.*

*Cando por circunstancias sobrevidas, o/a neno/a ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponda pagar será a metade da mensualidade.*

*As cotas de horas extras son as que se detallan na ordenanza fiscal.*

*A non asistencia por enfermidade non exime dos pagos mensuais da cota correspondente, xa que estes pagos garanten a reserva de praza durante todo o curso, no caso de que se produzan ditos impagos, a escola terá dereito a ofertar a praza correspondente sen previo aviso.*

***VACACIÓNS***

*Os/as nenos/as que iniciaron a súa escolarización en setembro e permanezan ata agosto, terán* ***agosto*** *como mes de vacacións exento de pago, agás que por razóns de conciliación precisen do servizo, o cal estará dispoñible durante a primeira quincena. O prazo de solicitudes ao efecto estará aberto ata o 15 de maio.*

*O mes de agosto, pagarase só medio mes, por non prestarse o servizo durante a segunda quincena por labores de mantemento de instalacións e/ou vacacións.*

***NORMATIVA REFERENTE Á INFRAESTRUTURA DO CENTRO***

***1. MEDIDAS DE SEGURIDADE E HIXIENE***

*A Escola conta coas seguintes medidas de seguridade e hixiene en todas as súas instalacións*

- ✓ *Limpeza e desinfección das aulas, diario, con produtos específicos para baños e chan.*
- ✓ *Desinfección e esterilización de chupetes e biberóns con desinfectante propio para este fin.*
- ✓ *Limpeza diaria de espellos e ventás.*
- ✓ *Limpeza frecuente de xoguetes da aula.*
- ✓ *Uso de colectores hixiénicos para os cambios de cueiro, dos que evitan olores.*
- ✓ *Desinfección, desratización e desinsectación en toda a escola 2 veces ao ano.*
- ✓ *Control das comidas, comidas-testemuña.- APPCC*
- ✓ *O centro conta con Medidas de protección para evitar golpes e outras lesións nos nenos e nenas, tales como as cantoneiras e antipilladedos en todas as portas de acceso para os nenos e nenas*
- ✓ *En canto á hixiene, seguiranse as pautas marcadas por Sanidade nos seus controles periódicos.*
- ✓ *Será obrigatorio unha correcta hixiene persoal dos/as traballadores/as.*

***O CENTRO CONTA CON:***

- ✓ *Plan de autoprotección implantado e inscrito no REGAPE*
- ✓ *Póliza de responsabilidade civil*
- ✓ *Póliza de accidentes*
- ✓ *Póliza de sinistros/danos do local*
- ✓ *Libro de reclamacións a disposición das persoas usuarias*
- ✓ *Proxecto educativo a disposición das familias*
- ✓ *Libro de rexistro de persoas usuarias*
- ✓ *Expediente individual do alumnado*

***SEGUNDO***.- *Someter o acordo adoptado a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín oficial da provincia da Coruña e Taboleiro Electrónico do Concello polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxerencias, que serán resoltas pola Corporación.*



CSV: 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/03/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/03/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/03/2022 12:19:03

DOCUMENTO: 20220841334
Fecha: 17/03/2022
Hora: 12:18

***TERCEIRO***.- *Publicar o texto desta versión inicial no Portal de Transparencia do Concello de RIBEIRA de conformidade co sinalado na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia*

***CUARTO***.- *O prazo de presentación de reclamacións empezará a contar a partir do día seguinte da publicación do anuncio no Boletín oficial da provincia da Coruña.*

*De non presentarse reclamacións ou suxerencias no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.*

*Contra o acordo de aprobación definitiva poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación no Boletín oficial da provincia da Coruña de acordo co establecido nos artigos 112.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP- e 10. b) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa - LJCA-; e iso sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que sexa procedente e estimen oportuno.*

***QUINTO***.- *Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible e para que subscriba cuantos documentos considere necesarios en execución do presente acordo.*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómetese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Promoción Social, Sanidade e Consumo de data 22 de febreiro de 2022, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 21 (9 PP, 7 PBBI, 2 PS de G-PSOE, 2 BNG, 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA)**

**-VOTOS EN CONTRA: 0**

**-ABSTENCIÓNS: 0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por ***unanimidade*** dos seus membros **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Promoción Social, Sanidade e Consumo sobre **APROBACIÓN INICIAL NOVO REGULAMENTO FUNCIONAMENTO ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE RIBEIRA**, quedando convertido en acordo en todos os seus termos.

## 4.-ADHESÍON DEL AYUNTAMIENTO DE RIBEIRA A LA RED DE CIDADES POR LA BICICLETA (RCxB). ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

Se da cuenta al Pleno de la Corporación de un dictamen de la Comisión Informativa de Mobilidade e Seguridade Cidadana de fecha 22 de febrero de 2022 sobre la base de una propuesta de la Alcaldía de fecha 18 de febrero de 2022 del siguiente tenor literal:

*"La **Red de Ciudades por la Bicicleta (RCxB)** es una asociación creada en 2009 y compuesta actualmente por 117 asociados que representan a más de 550 municipios, principalmente entidades locales.*

*La **RCxB** tiene por objeto la generación de una dinámica entre las ciudades españolas con el fin de facilitar, hacer más segura y desarrollar la circulación de los ciclistas, especialmente en el medio urbano, realizando para todo ello todas las acciones necesarias para impulsar la bicicleta como medio de transporte e intensificando las iniciativas adoptadas con el mismo objetivo por las Administraciones Públicas, asociaciones y demás agentes sociales.*



CSV: 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/03/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/03/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/03/2022 12:19:03

DOCUMENTO: 20220841334
Fecha: 17/03/2022
Hora: 12:18

*Podrán pertenecer a la Asociación aquellas entidades públicas o sus entes instrumentales que promuevan mediante un plan estratégico, planes sectoriales, planes directores, similares o líneas de actuación que favorezcan, en el marco de la movilidad sostenible, la circulación en bicicleta en su ciudad o territorio.*

*Asimismo, podrán pertenecer a la Asociación aquellas organizaciones que, sin ser entidades públicas ni entes instrumentales de las mismas, acrediten que trabajan en la promoción del uso de la bicicleta y/o sus infraestructuras.*

*Su incorporación se hará en calidad de socios técnicos u observadores.*

*La existencia de la **RCxB** tiene como fines:*

*• intensificar la promoción de la bicicleta y desplegar su potencial*

*• desarrollar estrategias para promover que las administraciones españolas implementen de la forma más eficaz la promoción de la bicicleta*

*• impulsar iniciativas para conseguir que el desplazamiento en bicicleta sea más seguro incrementar las infraestructuras para el uso de la bicicleta y mejorar y promocionar las ya existentes*

*• destinar más recursos financieros a proyectos de promoción de la bicicleta*

*• intensificar las vías de colaboración de todas las partes implicadas, especialmente con cualquier entidad que promueva un mayor uso de la bicicleta*

*• incidir para que se incentive fiscalmente el uso de la misma*

*• desarrollar sinergias que favorezcan la intermodalidad entre los municipios de la RCxB y su entorno metropolitano*

*• defender el potencial de la bicicleta como vehículo silencioso, limpio, asequible y sostenible ante la opinión pública y promocionar su uso como herramienta de movilidad sostenible*

*• desarrollar estrategias para hacer que el uso de la bicicleta sea atractivo y seguro como el diseño de espacios urbanos para que la mayoría de viajes se puedan hacer en bicicleta*

*• mejorar e incrementar la red de itinerarios, tanto en el ámbito urbano como interurbano y procurar que el planeamiento urbanístico de las ciudades incorpore una red ciclista que se incluya en las previsiones presupuestarias.*

*La **RCxB**, para el cumplimiento de los fines anteriormente mencionados realiza reuniones con los representantes de las ciudades, crea un intercambio de conocimientos sobre la bicicleta (uso, intermodalidad... ), celebra Jornadas técnicas a propósito de temas específicos sobre ciclistas o bicicletas y en especial sobre la bicicleta pública, coordina políticas favorables al uso de la misma, presenta ante las administraciones propuestas favorables al uso de la bicicleta, define un conjunto de indicadores para el seguimiento de todas estas actuaciones a favor de la bicicleta y procura el establecimiento de aplicaciones informáticas comunes para el tratamiento de datos. Según el Barómetro de la Bicicleta de 2017, a un 25% de los ciclistas de nuestro país les han robado alguna vez la bicicleta, siendo su recuperación difícil al no estar publicitadas la recuperación de bicicletas en los depósitos municipales de vehículos u otros centros de custodia.*

*El robo, según la encuesta, es un freno a que posibles usuarios se planteen el hecho de adquirir una bicicleta y convertirse en ciclistas urbanos, de ocio o deporte.*

*Tras la celebración de las 1as y 2as Jornadas sobre el registro de bicicletas y los seguros, se concluye que se debe disponer de un registro de amplia base, de poca complejidad técnica, siendo a la vez seguro y ágil para su uso y puesta en marcha, por lo cual se decide desarrollar dicha aplicación para crear un registro que sea válido en todo el territorio nacional.*

*Así, el 19 de noviembre de 2010, la Junta Directiva de la RCxB, aprueba por unanimidad desarrollar un programa piloto de Registro de Bicicletas.*

*Siendo ratificado dicho desarrollo en la Asamblea Extraordinaria de la RCxB, celebrada el 13 de octubre de 2011 y acordado su lanzamiento definitivo en la Asamblea General celebrada el pasado 13 de marzo de 2012.*



CSV: 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5

| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/03/2022<br>MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/03/2022<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/03/2022 12:19:03 | DOCUMENTO: 20220841334<br>Fecha: 17/03/2022<br>Hora: 12:18 |
|---|---|---|

*Por cuanto antecede se propone a la **Comisión Informativa de "Mobilidade e Seguridade Cidadana"** que previa deliberación y examen sobre el expediente de su razón, emita dictamen favorable sobre lo siguiente:*

***Primeiro:-****El Ayuntamiento de Ribeira (A Coruña) desea promover el uso de la bicicleta de manera segura y sostenible y para ello solicita adherirse a la Red de Ciudades por la Bicicleta y al sistema de registro de bicicletas que ha puesto en funcionamiento la RCxB bajo la denominación de BiciRegistro y cuya implantación requiere de un protocolo a seguir.*

***Segundo****:-Para ello, se dotará del crédito necesario en los presupuestos municipales para cumplir con las obligaciones como socio activo de la Red de Ciudades por la Bicicleta, teniendo en cuenta que los 12 primeros meses está exento de pago, por tanto, en el año en curso no se emitirá ninguna factura y el año posterior al alta, únicamente la parte proporcional que reste hasta final de año, siendo siempre en enero la emisión de cada factura.*

***Tercero:-****Igualmente designará un representante institucional ante la asociación, que podrá ser delegado, de forma puntual o indefinidamente, en cargos electos o técnicos de la institución para su participación en las diversas reuniones de la misma*

***Cuarto****:-Se facultar al Sr. alcalde-presidente tan ampliamente como en Derecho sea posible para garantizar la plena efectividad del presente acuerdo."*

Enterados/las los/las Sres/las concejales/las del contenido del dictamen finalizadas las intervenciones en los términos que obran en el archivo audiovisual que se incorpora al presente acta como parte integrante de la misma en cumplimiento del dispuesto en el DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBRERO, DE La VICEPRESIDENCIA Y CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIONES PÚBLICAS Y JUSTICIA, SOBRE Los LIBROS DE ACTAS Y RESOLUCIONES DE Las ENTIDADES LOCALES GALLEGAS**,** sómetese la votación común el dictamen transcrito de la Comisión Informativa de Mobilidade e Seguridade Cidadana de fecha 22 de febrero de 2022, con el siguiente resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 21 (9 PP, 7 PBBI, 2 PS de G-PSOE, 2 BNG, 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA)**

**-VOTOS EN CONTRA: 0**

**-ABSTENCIÓNS: 0**

Por lo que el Pleno de la Corporación acuerda por unanimidade de sus miembros aprobalo dictamen transcrito de la Comisión Informativa de Mobilidade e Seguridade Cidadana sobre **ADHESÍON DEL AYUNTAMIENTO DE RIBEIRA A LA RED DE CIDADES POR LA BICICLETA (RCxB)** y en consecuencia aprueba:

***Primeiro:-****El Ayuntamiento de Ribeira (A Coruña) desea promover el uso de la bicicleta de manera segura y sostenible y para ello solicita adherirse a la Red de Ciudades por la Bicicleta y al sistema de registro de bicicletas que ha puesto en funcionamiento la RCxB bajo la denominación de BiciRegistro y cuya implantación requiere de un protocolo a seguir.*

***Segundo****:-Para ello, se dotará del crédito necesario en los presupuestos municipales para cumplir con las obligaciones como socio activo de la Red de Ciudades por la Bicicleta, teniendo en cuenta que los 12 primeros meses está exento de pago, por tanto, en el año en curso no se emitirá ninguna factura y el año posterior al alta, únicamente la parte proporcional que reste hasta final de año, siendo siempre en enero la emisión de cada factura.*

***Tercero:-****Igualmente designará un representante institucional ante la asociación, que podrá ser delegado, de forma puntual o indefinidamente, en cargos electos o técnicos de la institución para su participación en las diversas reuniones de la misma*



CSV: 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/03/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/03/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/03/2022 12:19:03

DOCUMENTO: 20220841334
Fecha: 17/03/2022
Hora: 12:18

*__Cuarto__:-Se facultar al Sr. alcalde-presidente tan ampliamente como en Derecho sea posible para garantizar la plena efectividad del presente acuerdo."*

**5.-RECTIFICACIÓN ANUAL INVENTARIO MUNICIPAL A DATA 31 DE DECEMBRO DE 2021.**

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 22 de febreiro de 2022 sobre a base dunha proposta da Alcaldía de data 18 de febreiro de 2022 do seguinte tenor literal:

***VISTO*** *o informe emitido pola Técnico de Administración Xeral adscrita ao Departamento de Urbanismo Dna. María Sieira Rios, conformado polo secretario xeral da Corporación en data 17 de febreiro de 2022, e que é do seguinte tenor literal:*

***__"PRIMEIRO.-__*** *O Pleno da Corporación Municipal, en sesión celebrada na data 26/02/2018, aprobou definitivamente o Inventario de Bens e Dereitos do Concello de Ribeira.*

***__SEGUNDO.-__*** *Despois da data da súa aprobación definitiva, foron tramitados unha serie de expedientes e adoptados os correspondentes acordos que implican alteracións no patrimonio municipal durante os exercicios dos anos 2018, 2019 e 2020, cuxas rectificacións, a 31 de decembro de 2018, 31 de decembro de 2019 e 31 de decembro de 2020, foron aprobadas por acordos plenarios de datas 28/01/2019, 27/02/2020 e 22/02//2021, respectivamente.*

***__TERCEIRO.-__*** *Así mesmo, e durante o ano 2021, constan presentados os seguintes escritos en relación ao asunto que nos ocupa:*

- *Escrito presentado por D. José Manuel Vilas Álvarez, en calidade de Concelleiro-Voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE Ribeira (rexistro entrada de data 02/11/2021 número 202100019627), no que solicita a inclusión dos Bens e Dereitos relacionados a continuación, previa verificación da súa natureza pública, no Inventario Municipal de Bens e Dereitos do Concello de Ribeira; así como a súa habilitación para uso e dominio público:*

| ***Orde*** | ***Denominación*** | ***Situación*** | ***Motivo da súa inclusión no Inventario*** |
|---|---|---|---|
| *1º (181)* | *Camiño de Lagoela de Fora* | *Listres-Aguiño Polígono 22* | *Camiño vecinal que comunica o Camiño público 9004 (parcela 1166)* |
| *2º (182)* | *Rúa do Perico* | *Aguiño* | *Camiño veciñal que une a rúa Corbelo coa rúa Luis Pimentel, tramo de 30 metros lineais.* |
| *3º (183)* | *Camiño de Viñanova a Cunlleira* | *Xarás-Artes Polígono 3* | *Camiño veciñal asfaltado, situado entre os lugares mentados. Camiños 9002-CP7302.* |
| *4º (184)* | *Camiño da Catía (antigo camiño o Carreiro)* | *Catía-Aguiño* | *Camiño de natureza pública en parte asfaltado, e delimitado por postes de pedra, entre a rúa Luis Seoane e a rúa Andrés Torres Queiruga.* |
| *5º (185)* | *Camiño da Agra* | *Castro-Carreira Polígono 3* | *Camiño veciñal que enlaza co camiño 9024.*<br><br>*130 metros lineais.* |



CSV: 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/03/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/03/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/03/2022 12:19:03

DOCUMENTO: 20220841334
Fecha: 17/03/2022
Hora: 12:18

| | | | |
|---|---|---|---|
| *6º (186)* | *Camiño Público 9001 Polígono 17 (continuar)* | *Fafián-Ribeira (Os Túneles)* | *Tramo de 110 metros ata o Camiño das Sarreiras. (Antiga estrada a Carreira). Parcela 129.* |

- *Escrito presentado por D. José Manuel Vilas Álvarez, en calidade de Concelleiro-Voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE Ribeira (rexistro entrada de data 30/12/2021 número 202100023219), no que solicita a inclusión dos Bens e Dereitos relacionados a continuación, previa verificación da súa natureza pública, no Inventario Municipal de Bens e Dereitos do Concello de Ribeira; así como a súa habilitación para uso e dominio público:*

| ***Orde*** | ***Denominación*** | ***Situación*** | ***Motivo da súa inclusión no Inventario*** |
|---|---|---|---|
| *1º (187)* | *Camiño público de Camposas. 55 metros* | *O Touro-Ribeira Polígono 18 Parcela 129* | *Camiño veciñal que comunica o Camiño Público 9003 coa estrada provincial CP-7307 (catastro antigo).* |
| *2º (188)* | *Rúa dos Congreiros. 80 metros.* | *Transporto-Aguiño* | *Camiño veciñal que une a rúa Vicanso 00567 coa rúa da Cobasa 00375, tramo de 80 metros lineais.* |
| *3º (189)* | *Rúa das Escaleiras-Carqueixa* | *Bandorrío-Ribeira Parcela 21-22-44* | *Camiño e praza veciñal asfaltada, 204 m2.* |
| *4º (190)* | *Enlace Camiño do Outeiro co Camiño da Matanza* | *Cornide-Agrelo. Oleiros. Polígono 940* | *Camiño de natureza pública, tramo de 80 metros delimitado por peches, entre o 9003 e o 9007.* |
| *5º (191)* | *Camiño de Pedras Miúdas* | *Rúa Luis Pimentel-Aguiño* | *Camiño veciñal C.V. 287, que enlaza o camiño 271, coas fincas interiores. 65 metros lineais.* |
| *6º (192)* | *Camiño Público en Chimpín Polígono 36* | *Bouzas-Chimpín. Palmeira* | *Tramo de 75 metros entre o Camiño 9015 e o 9009 (464 m2).* |
| *7º (193)* | *Camiño Público de Caticovas (9022)* | *Caticovas-Palmeira* | *Tramo dende a rúa da Agriña. Polígono 7. Parcelas 115 e 117 (106 metros), asfaltado.* |
| *8º (194)* | *Travesía rúa Lorenzo Mene Trabadell* | *Lomba-Palmeira* | *Tramo de camiño pavimentado en parte. Lonxitude 50 metros.* |

***CUARTO.-*** *Por Providencia da Alcaldía de data 14/01/2022 ordénase dar traslado da mesma á Secretaría e Intervención Municipal, a fin de que, previos os trámites oportunos e informes pertinentes, se proceda á aprobación polo órgano competente da rectificación anual do Inventario de Bens e Dereitos do Concello de Ribeira, referida a 31 de decembro de 2021.*

*Así mesmo, acordase someter o expediente administrativo a información pública por un prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio que se publicará no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial, no taboleiro de anuncios da web oficial do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, en relación á consideración como públicos dos camiños que se relacionan a continuación:*



CSV: 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/03/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/03/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/03/2022 12:19:03

DOCUMENTO: 20220841334
Fecha: 17/03/2022
Hora: 12:18

1. *Camiño transversal rúa Luis Seoane – rúa Castelao: 100 metros lineais, Aguiño 00389.*

2. *Camiño transversal rúa Castelao – rúa Lagarto: 115 metros lineais, marxe esquerda, Aguiño.*

3. *Camiño 1ª transversal rúa Castelao 00373: 70 metros lineais, Aguiño.*

4. *Camiño transversal rúa Castelao: 43 metros lineais, 9086515MH9098N0001RY, Aguiño.*

***QUINTO.-*** *O citado anuncio foi publicado no BOP da Coruña número 13 do 20/01/2022, así como no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica), segundo consta en certificado emitido na data 17/02/2022 polo secretario xeral do Concello de Ribeira.*

*Consta a presentación das seguintes alegacións:*

***1ª)*** *Escrito presentado por* ***Dª María Dios Paz****, rexistrado de entrada na data 31/01/2022 co número 1.581), no que dispón que o camiño transversal na rúa Castelao que accede á vivenda sinalada co número 33 da rúa Lagarto (camiño número 2 dos indicados), é da súa propiedade, e non ten intención de cedelo para uso e dominio público, polo que solicita que se manteña nas condicións actuais.*

***2ª)*** *Escrito presentado por* ***Dª Mª Luisa Rey Dios, Dª Susana Rey Dios e D. Roberto Rey Dios,*** *rexistrado de entrada na data 07/02/2022 co número 2.125,* ***no que expoñen que son os lexítimos propietarios do camiño número 4 dos indicados: "Camiño transversal rúa Castelao: 43 metros lineais, 9086515MH9098N0001RY, Aguiño.", por canto:*** *"(...) Que o camiño está inscrito no Rexistro da Propiedade de Noia na finca co número 9.858 da que é titular D. Roberto Rey Paz (pai dos comparecentes); que o camiño figura descrito na escritura pública de doazón outorgada por Dª Pilar Paz Lampón a favor de D. Roberto Rey Paz, autorizada ante o Notario, Mariano Sánchez Brunete Casado, na data 28/01/1969 co número 158 de protocolo; que a finca orixinaria ("Pedras Mindas") propiedade de Dª Pilar Paz Lampón, foi fraccionada en 3 partes para dar terreo a tres dos seus fillos: unha parcela segregada foi para Dª Pilar Rey Paz, a outra foi para D. Manuel Rey Paz, e o resto da finca matriz para D. Roberto Rey Paz; que o camiño non é mais que a parte de terreo da finca (predio servinte) de 4 metros sometida a servidume de paso a favor das outras dúas fincas (predios dominantes), tal e como se dispón na escritura pública e no rexistro da propiedade; que a Xunta de Goberno Local do Concello de Ribeira, en sesión celebrada na data 03/02/2022, en relación ó carácter público ou privado do citado camiño, acordou informar que: "Examinados os datos obrantes no Concello, tales como catastros actual e histórico, e non constando no inventario de bens municipais, se encontra que a parcela arriba indicada é privada e non sendo camiño público."*

*Co escrito presentado polos irmáns Rey Dios achégase a seguinte documentación: DNI dos comparecentes; DNI do Sr. Rey Paz; planos; escritura de doazón; nota simple do rexistro da propiedade; certificación catastral de dominio e cargas; certificación urbanística emitida pola Xunta de Goberno Local en sesión de 03/02/2022; libro de familia; certificado de defunción e testamento aberto do Sr. Rey Paz; aceptación da herdanza; autoliquidacións dos impostos de sucesións; e declaracións testificais dos veciños do camiño.*

***3ª)*** *Escrito presentado por* ***Dª Ángela Arnoso Gude****, rexistrado de entrada na data 08/02/2022 co número 2.234, no que,* ***en relación ó camiño número 3 dos indicados: "Camiño 1ª transversal rúa Castelao 00373: 70 metros lineais, Aguiño.****", expón que: "(...) Que o tramo parcial do camiño é unha servidume de paso, que discorre desde a rúa Castelao cara o Oeste e que ós 62 metros aproximadamente, xira cara o norte nun tramo duns 50 metros, aproximadamente, rematando entre a súa propiedade (9086532MH9098N0001AY) e a propiedade coa referencia catastral 9086522MH9098N0001JY, lindeiro da súa propiedade; Que a referida servidume ven mencionada na escritura de compravenda e constitución de servidume, autorizada polo Notario, D. Alfonso Emilio*



CSV: 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/03/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/03/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/03/2022 12:19:03

DOCUMENTO: 20220841334
Fecha: 17/03/2022
Hora: 12:18

*Rodríguez Sánchez, na data 06/10/1.983 co número 1.516 de protocolo, na escritura de declaración de exceso de obra e partición de herdanzas autorizada polo Notario, D. Santiago Botas Ramos, na data 21/11/2017 co número 872 de protocolo, entre outras (...)"*

*Co escrito presentado pola Sra. Arnoso Gude achégase a seguinte documentación: DNI da comparecente e da súa irmá; as escrituras autorizadas ante Notario antes referidas; e delimitación do camiño de servidume completo.*

***4ª)*** *Escrito presentado por* ***D. Manuel Gerardo Rodríguez Fernández****, rexistrado de entrada na data 10/02/2022 co número 2.455, no que,* ***en relación ó camiño número 3 dos indicados: "Camiño 1ª transversal rúa Castelao 00373: 70 metros lineais, Aguiño****.", expón que o citado camiño ten todos os elementos para ser considerado camiño público, por canto: "(...) Na escritura de compravenda da finca da súa propiedade coa referencia catastral 9086524MH9098N0001SY, aparece o camiño sinalado como lindeiro polo Sur, que serve de entrada e acceso a esa finca; Que o citado camiño está delimitado polos peches das parcelas coas que linda, levando así moitos anos como se acredita coa fotografía aérea de 15/09/1999; Que na planimetría catastral aparece o camiño como "1º tra. De Castelao 00373" ó menos desde o ano 2004; Que no PXOM xa aparece marcado o citado camiño, proxectándose sobre o mesmo un vial máis amplo; Que o citado camiño está dotado de alcantarillado e alumeado público."*

*Co escrito presentado polo Sr. Rodríguez Fernández achégase a seguinte documentación: copia simple da escritura de compravenda, autorizada polo Notario Francisco Javier Perez-Tabernero Oliveira, na data 01/03/2004, co número 245 de protocolo; certificación catastral descritiva e gráfica da parcela 9086523MH9098N0001EY; copia do PXOM; e fotografía aérea do ano 1999.*

## *LEXISLACIÓN APLICABLE*

- *Artigo 86 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.*
- *Artigo 278 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.*
- *Artigos 33 e 34 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1986.*
- *Artigo 47.1 da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases do réxime local.*

## *CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS*

***PRIMEIRA.-*** *Os artigos 86 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, e 278 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, dispoñen que as Entidades locais están obrigadas a formar inventario valorado de todos os bens e dereitos que lles pertencen, do que se remitirá copia ás Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma e que se rectificará anualmente, comprobándose sempre que se renove a Corporación.*

*No mesmo sentido, o artigo 33 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (no sucesivo RB), dispón que a rectificación do inventario verificarase anualmente, e nela reflectiranse as vicisitudes de toda índole dos bens e dereitos durante esa etapa.*



CSV: 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/03/2022

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/03/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/03/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/03/2022 12:19:03

DOCUMENTO: 20220841334
Fecha: 17/03/2022
Hora: 12:18

de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, coa fín de unha mellor reformulación técnica da mesmo, e modificada con data 15 de febreiro de 2022 (rex de entrada 2736) sendo o texto definitivo do seguinte tenor literal:

*"Xurxo Ferrón Vidán, concelleiro de SumaRibeira, presenta para a súa inclusión na Orde do día do vindeiro Pleno Ordinario, Proposición sobre INDISCIPLINA URBANÍSTICA que se reflicte a continuación:*

*Nada que sexamos un pouco obxectivos, en SumaRibeira pensamos que Ribeira ten unha realidade urbanística caótica derivada, entre outras razóns, de falla de control e equidade por parte das institucións competentes dende hai moitos anos, pero tamén, máis recentemente, pola ambigüidade e exceso de flexibilidade na interpretación municipal de algúns aspectos do PXOUM, que, por certo, foi aprobado por unanimidade pola corporación municipal en Decembro de 2002.*

*O desleixo de funcións neste ámbito, xeradora de agravios comparativos e insolidariedades veciñais, que ao entender de SumaRibeira habita no noso concello, ten relación directa coa situación crónica de desharmonía urbana que todas, en maior ou menor intensidade, acabamos tendo que padecer, para beneficio particular dunha minoría.*

*A ausencia dun mínimo de harmonía posiblemente encontrou e pretende encontrar en ocasións coartada no que poderíamos describir eufemisticamente como a liberdade individual dos promotores. Sería moi clarificador e interesante que se avaliase por técnicos en urbanismo sen conflitos de intereses, por exemplo, a relacións custes – beneficios dunha regulamentación que establecese uns mínimos de harmonía en diversas fachadas marítimas costeiras. Tamén harmonía cromática.*

*Seguramente non sería difícil nin extenso pormenorizar as actuacións e sancións municipais derivadas da apertura de expedientes de disciplina urbanística que houbo nos anos 2019, 2020 e 2021. Incluso nos preguntamos se dende o 2015 ou anteriores.*

*Sospeitámonos que tampouco levaría moito tempo ler todas as actuacións realizadas para solucionar ou paliar problemas de desproporción, indecoro ou incluso "horrores" urbanísticos.*

*Máis extenso e laborioso sería informar sobre que porcentaxe de obras se levan a cabo sen exhibir en ningún momento o preceptivo cartel informativo, sen importar se a súa duración é de días, semanas, meses ou anos.*

*O Concello renuncia, cando menos por omisión, a velar por un mínimo de harmonía urbanística, e aos ingresos económicos derivados de expedientes de disciplina urbanística.*

*A permisividade encube rta co incumprimento da no rmativa nas construcións ten un lamentable efecto semellante aoque acontece coa normativa de tráfico, unha minoría de incumpridoras, só preocupadas por evitar as sancións e por facer o que queren, prexudica o resultado colectivo. lsto xera sensación de malestar cidadá pola permisividade cos infractores e, ás veces, percepción de trato discriminatorio. "Por que a min se me aplicou a normativa e a aque l que infrinxiu máis que eu non?¡". Asemade, é coñecida a grande dificultade que s upó n para as institució ns a demolición de obras consolidadas, moi especia lmente cando a propiedade das mesma s corresponde a persoas con dispoñibilidade económ ica para reco rrer "sen despeitearse" as sancións ata as derradeiras instancia s xudiciais.*
*A delegación na "APLU" de determinadas compete ncias urbanísticas non pode xustificar a aparente invisibilidade municipal ante actuacións sen preceptivas licenzas, ou incumprindo as características e limitacións contidas nas mes mas*

*Dende SumaRibeira, abertos ás aportacións plenarias que axuden á concreción do cumprimento do fin exposto, propoñemos a adopción do seguinte ACORDO :*

*1.-Dotación dun servizo municipal propio, non "externalizado", de Vixilancia e Control do Cumprimento da Normativa Urbanística, coas funcións e características seguintes:*

*a.-Control e vixiancia itinerante do cumprimento da normativa urbanística en todo o concello*
*b.-Desenvolvemento do seu labor sen necesidade de denuncia previa.*
*c.-Reforzo do necesario cumprimento da legalidade urbanística.*



CSV: 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/03/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/03/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/03/2022 12:19:03

DOCUMENTO: 20220841334
Fecha: 17/03/2022
Hora: 12:18

*d.-Potenciación da capacidade de actuación municipal, como é conveniente e necesario, con prontitude, antes de que as obras que non se axusten a licenza estean avanzadas ou incluso rematadas, facilitando así que as persoas infractoras sufran o menor prexuízo posible.*

*e.-Axuda ao incremento das posibilidades de restitución real da legalidade.*

*f.- Evitar ou reducir a dedicación do persoal técnico do concello na preparación da defensa xurídica, reducindo tamén o importe de custes derivados dos procesos xudiciais.*

*g.- Suporía ingresos económicos municipais por mor das sancións derivadas da incoación de Expedientes de Disciplina Urbanística.*

*h.-As traballadoras e traballadores que deban desenvolver labores de asesoramento, avaliación e control en todo o relacionado ca cumprimento da legalidade urbanística serán en todo caso funcionarios públicos seleccionados a través de procesos de carácter aberto que garantan unha libre concorrencia.*

*i.-Se por algunha situación temporal excepcional debidamente xustificada, fose necesario proceder á contratación de traballadoras ou traballadores para as funcións ás que se retire o punto anterior, e non fose posible facelo cumprindo literalmente coas condicións reflectidas no mesmo, establecer sempre, ineludiblemente, un proceso de selección aberto, para elixir con transparencia en base a criterios obxectivos de mérito e capacidade, garantindo a libre concorrencia ás persoas que provisionalmente vaian a ocupar estas prazas."*

Asemade dase conta dunha **emenda de substitución** presentada polo **GM** do **BNG** (rex de entrada º1482 de 28 de xaneiro de 2022) do seguinte tenor literal:

*"Que o Concello de Ribeira reforce o departamento de Urbanismo mediante a contratación de persoal técnico de vixilancia como un arquitecto técnico e calquera outro persoal que sexa necesario."*

Asemade dase conta dunha **emenda de substitución á totalidade** presentada polo **GM** do **PP** (rex de entrada º1489 de 28 de xaneiro de 2022) do seguinte tenor literal:

*ÚNICO.- Que, co obxecto de contar cun departamento municipal de disciplina urbanística, propoñer que na próxima RPT do Concello figuren os postos de traballos necesarios para levar a cabo os labores de vixilancia e control do desenvolvemento das obras, así como de denuncia e tramitación do procedemento sancionador".*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposición do do **GM Mixto-Suma Ribeira**, así como das emendas presentadas polo **GM** do **PP** e polo **GM** do **BNG**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, en cumprimento do disposto **artigo 116 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Ribeira**, sómetese a votación ordinaria en primeiro lugar a **emenda de substitución** presentada polo **GM** do **BNG** co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 18** **(2 BNG, 9PP, 7 PBBI)**

**-VOTOS EN CONTRA: 0**

**-ABSTENCIÓNS: 3** **(2 PS DE G-PSOE, 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA)**

En consecuencia, non procedendo votar a proposta orixinal, o Pleno da Corporación acorda por ***maioría absoluta*** do seu número legal **aprobala** proposición do **GM** do **Mixto-Suma Ribeira,** según ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente e



CSV: 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/03/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/03/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/03/2022 12:19:03

DOCUMENTO: 20220841334
Fecha: 17/03/2022
Hora: 12:18

emenda de substitución presentada polo **GM** do **BNG,** sobre **INDISCIPLINA URBANÍSTICA** e en consecuencia aproba:

***ÚNICO**:-"Que o Concello de Ribeira reforce o departamento de Urbanismo mediante a contratación de persoal técnico de vixilancia como un arquitecto técnico e calquera outro persoal que sexa necesario."*

**8.-PROPOSICIÓN GM PS DE G-PSOE PRESENTADA POR D. JOSÉ MANUEL VILAS ÁLVAREZ SOBRE ACONDICIONAMENTO DO CAMIÑO VECIÑAL DOS PÁRAMOS.**

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 25 de xaneiro de 2022 sobre a base dunha proposición do **GM** do **Ps de G-Psoe** presentada por **D. José Manuel Vilas Álvarez** con data 3 de xaneiro de 2022, rex de entrada nº 39 e que é do seguinte sentido literal:

*"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*Ante unhas peticions veciñais, sobre o mal estado do firme do Camiño Veciñal no lugar dos Páramos (9007), polígono 17, entre o lugar dos Páramos coa Ameixida, fixemos unha visita ao lugar, da cal achegamos as conclusións, e fotos retrospectivas.*

*Este camiño é un itinerario de importancia da parroquia de Castiñeiras, unindo dous lugares importantes da citada, zona de enlace para evitar dar rodeos que significa tempo e kilómetros para os usuarios e residentes.*

*Dito tramo de camiño público (vial 9007), situado entre Os Páramos ea Ameixida, presenta un acabado en terra, con irregulares no seu firme por descalces e insuficiente compactación; entre dous tramos de vía asfaltados, cara a Martín, ea Ameixida; tendo unha lonxitude duns 110 metros, cun ancho de calzada de cinco metros, cunha zona de actuación de 586 m2.*

*En virtude de todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista PSdeG- PSOE, insta ao Pleno da Corporación Municipal de Ribeira á adopción do seguinte, ACORDO:*

*1.- Que por parte dos servizos técnicos do Concello se proceda a realizar un proxecto de pavimentación asfáltica, e dotación de servizos (si son necesarios), coa finalidade de acondicionar o tramo, sinalado no plano anexo, do Camiño Veciñal dos Páramos (9007), e así reforzar a rede de infraestructuras e comunicacións no noso municipio.*





CSV: 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/03/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/03/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/03/2022 12:19:03

DOCUMENTO: 20220841334
Fecha: 17/03/2022
Hora: 12:18



*Imaxe da zona de actuación nos Páramos.Foto do enlace da vía na Ameixida.*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposición do **GM** do **Ps de G-Psoe**, así como das emendas do GM do PP e do GM do BNG rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómetese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 25 de xaneiro de 2022, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 20** **(9 PP, 7 PBBI, 2 PS de G-PSOE, 2 BNG)**

**-VOTOS EN CONTRA: 0**

**-ABSTENCIÓNS: 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por ***maioría absoluta*** dos seus membros **aprobala** proposición do **GM** do **Ps de G-Psoe** sobre, según ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente sobre **ACONDICIONAMENTO DO CAMIÑO VECIÑAL DOS PÁRAMOS** e en consecuencia aproba:

***ÚNICO***:*-Que por parte dos servizos técnicos do Concello se proceda a realizar un proxecto de pavimentación asfáltica, e dotación de servizos (si son necesarios), coa finalidade de acondicionar o tramo, sinalado no plano anexo, do Camiño Veciñal dos Páramos (9007), e así reforzar a rede de infraestructuras e comunicacións no noso municipio*

***nestes intres, sendo as 22.05 h, ao abeiro do artigo 113.6 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Ribeira acórdase unha pausa para descanso por un período de trinta minutos, reanudándose o pleno, en consecuencia, ás 22.35 h)***

**9.-PROPOSICIÓN GM PS DE G-PSOE PRESENTADA POR D. JOSÉ MANUEL SÚAREZ-PUERTA SIRGADO PARA QUE POR PARTE DOS TÉCNICOS MUNICIPAIS SE PROCEDA Á REDACCIÓN DUN PROYECTO PARA SUSTITUIR A CANALIZACIÓN EXISTENTE DE ABASTECIMENTO DE AUGA, DESDE FONTÁN HASTA CASTIÑEIRAS, NUNHA PRIMEIRA FASE, E DESDE CASTIÑEIRAS HASTA ENTRONCAR COA REDE DE ABASTECIMENTO DA PARROQUIA DE AGUIÑO NUNHA SEGUNDA FASE**

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 25 de xaneiro de 2022 sobre a base dunha proposición do **GM** do **Ps de G-Psoe** presentada por **D. José Manuel Suárez-Puerta Sirgado** con data 3 de xaneiro de 2022, rex de entrada nº 46 e que é do seguinte sentido literal:

*"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*El 28 de julio de 2010, a través de la Resolución 64/292, la Asamblea General de las Naciones Unidas reconoció explícitamente el derecho humano al agua y al saneamiento, reafirmando que un agua potable limpia y el saneamiento son esenciales para la realización de todos los derechos humanos.*

*No es de recibo que en la tercera decena del Siglo XXI haya ciudadanos que sufran un abastecimiento de agua potable que no este garantizado las 24 horas del día y los 365 días del año.*

*En el municipio de Ribeira una parroquia en concreto, Castiñeiras, sufre con frecuencia carencias, cortes, falta de caudal, en definitiva, un servicio deficiente y a todas luces inadecuado.*



CSV: 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/03/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/03/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/03/2022 12:19:03

DOCUMENTO: 20220841334
Fecha: 17/03/2022
Hora: 12:18

*Esto es debido a las infraestructuras de abastecimiento, con unas conducciones de materiales obsoletos, secciones insuficientes y timbraje inadecuado, que han cumplido, mas que con creces, su periodo de vida útil, ya que fueron diseñadas para condiciones, tanto de presión como de caudal, muy diferentes a las actuales.*

*La solución a estos problemas radica en la instalación de conducciones adecuadas, tanto en material, sustituyendo el Fibrocemento y el PVC por tubería de fundición dúctil, como en la sección, sustituyendo la variedad de diámetros actualmente existentes por un diámetro unificado de 200 mm., como en el timbraje, que actualmente es de 6 Atm. en su mayor parte, lo que origina las roturas continúas debido a sobrepresiones y golpes de ariete, por tuberías con timbre de 16 Atm.*

*Esta solución proporcionaría caudal y presión suficientes a toda la zona costera de Ribeira, así como a las zonas que tradicionalmente sufren los problemas, esto es Castiñeiras, Os Paramos, Fonterramil, A Fonteseca, A Aldea, etc. además de proporcionar agua a la Parroquia de Aguiño, sin necesidad de bombeo, lo que abarataría los costes variables del Servicio de Aguas y ayudaría a reducir la huella de carbono al evitar el consumo de energía eléctrica.*

*La obra que proponemos consiste, en resumen y a falta de que los técnicos elaboren un proyecto que detalle la idea sugerida, en la instalación de tubería de fundición dúctil de 200 mm. de diámetro desde el final de la red existente actualmente, a la altura de Fontán hasta el Colegio de las Monjas de Castiñeiras, en una primera fase, continuando hasta entroncar con la red principal de Aguiño, en una segunda fase, lo que completaría el anillado de la red en toda la zona costera.*

*Por todo ello, este Grupo Municipal realiza la siguiente*

*PROPUESTA:*

- ***Primera**: Que por parte del los Técnicos Municipales se proceda a la redacción de un Proyecto para sustituir la canalización existente de abastecimiento de agua, desde Fontán hasta Castiñeiras, en una primera fase, y desde Castiñeiras hasta entroncar con la red de abastecimiento de la parroquia de Aguiño en una segunda fase, incluyendo las válvulas, entronques con redes existentes y demás elementos necesarios.*
- ***Segundo**: Que con el fin de garantizar el abastecimiento tanto en el momento actual como a futuro, la red se realice en un material (Fundición) con diámetro (200 mm.) y timbraje (16 Atm.) adecuado a lo que se pretende, de forma que no quede obsoleta al poco tiempo de su inauguración.*
- ***Tercero**: Que el Grupo de Gobierno busque la financiación necesaria para la realización de esta obra mediante su inclusión en el POS de la Diputación, en los fondos Europeos de Desarrollo Urbano Sostenible (EDUSI) o en ambos por cada una de las fases, sin descartar, aunque parece poco probable, la aportación de la Xunta de Galicia".*

Asemade dase conta dunha **emenda de substitución á totalidade** presentada polo **GM** do **PP** (rex de entrada º1489 de 28 de xaneiro de 2022) do seguinte tenor literal:

*ÚNICO.- Que no presente Plan de Obras e Servizos da Deputación se inclúa a substitución da canalización existente de abastecemento de auga na zona Fontán-Castiñeiras en aqueles lugares ou tramos en que a referida rede sexa de fibrocemento, evitando así as constantes roturas.*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposición do **GM** do **Ps de G-Psoe**, así como da emenda do **GM** do **PP** rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, *previa aceptación da incorporación da emenda do GM do PP ó punto primeiro da proposta*, sómetese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar Social e Medio Ambiente de data 25 de xaneiro de 2022, co seguinte resultado:



CSV: 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/03/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/03/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/03/2022 12:19:03

DOCUMENTO: 20220841334
Fecha: 17/03/2022
Hora: 12:18

-VOTOS A FAVOR: **21** **(9 PP, 7 PBBI, 2 PS de G-PSOE, 2 BNG, 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA)**

-VOTOS EN CONTRA: **0**

-ABSTENCIÓNS: **0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por ***unanimidade*** dos seus membros **aprobala** proposición do **GM** do **Ps de G-Psoe** sobre**,** según ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente, e *incorporación da emenda do GM do PP ó punto primeiro da proposta* ,para **QUE POR PARTE DOS TÉCNICOS MUNICIPAIS SE PROCEDA Á REDACCIÓN DUN PROYECTO PARA SUSTITUIR A CANALIZACIÓN EXISTENTE DE ABASTECIMENTO DE AUGA, DESDE FONTÁN HASTA CASTIÑEIRAS, NUNHA PRIMEIRA FASE, E DESDE CASTIÑEIRAS HASTA ENTRONCAR COA REDE DE ABASTECIMENTO DA PARROQUIA DE AGUIÑO NUNHA SEGUNDA FASE** e en consecuencia aproba.

***Primera***: *Que nuna primeira fase no presente Plan de Obras e Servizos da Deputación se inclúa a substitución da canalización existente de abastecemento de auga na zona Fontán-Castiñeiras en aqueles lugares ou tramos en que a referida rede sexa de fibrocemento, evitando así as constantes roturas.*

***Segunda:***-*Que nunha segunda fase por parte del los Técnicos Municipales se proceda a la redacción de un Proyecto para sustituir la canalización existente de abastecimiento de agua desde Castiñeiras hasta entroncar con la red de abastecimiento de la parroquia de Aguiño en una segunda fase, incluyendo las válvulas, entronques con redes existentes y demás elementos necesarios.*

***Terceiro***: *Que con el fin de garantizar el abastecimiento tanto en el momento actual como a futuro, la red se realice en un material (Fundición) con diámetro (200 mm.) y timbraje (16 Atm.) adecuado a lo que se pretende, de forma que no quede obsoleta al poco tiempo de su inauguración.*

***-Cuarto***: *Que el Grupo de Gobierno busque la financiación necesaria para la realización de esta obra mediante su inclusión en el POS de la Diputación, en los fondos Europeos de Desarrollo Urbano Sostenible (EDUSI) o en ambos por cada una de las fases, sin descartar, aunque parece poco probable, la aportación de la Xunta de Galicia".*

## 10.- PROPOSICIÓN GM BNG PRESENTADA POR D. XOSÉ ANTONIO VÁZQUEZ COBAS PARA SOLUCIONAR SITUACIÓNS DE EMERXENCIAS TEMPORAIS DE EXTREMA NECESIDADE.

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Promoción Social, Sanidade e Consumo de data 25 de xaneiro de 2022 sobre a base dunha proposición do **GM** do **BNG** presentada por **D. Xosé Antonio Vázquez Cobas** con data 18 de novembro de 2021, rex de entrada nº 20661, e que é do seguinte sentido literal:

*"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*As políticas públicas dos últimos 11 anos favoreceron a conversión da vivenda nun ben especulativo, alimentaron un incremento desmesurado dos prezos, sobre todo nas cidades, e produciron unha drástica*



CSV: 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/03/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/03/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/03/2022 12:19:03

DOCUMENTO: 20220841334
Fecha: 17/03/2022
Hora: 12:18

*redución da oferta de vivendas en alugueiro . Mentres se produce esta situación de escaseza de vivenda de protección pública e de contracción do mercado do alugueiro . Dáse o paradoxo da existencia de solo e vivendas baleiras. Ternos unha 300.000 vivendas baleiras no país e unhas 250.000 segundas vivendas e isto segundo cálculos conservadores. Coa chegada de Feijoo a Xunta, a partir de 2009, comeza a caer a realización de vivenda pública até practicamente desaparecer. Dende entón recortouse en vivenda social 1.700 millóns de euros.*

*Os últimos datos dispoñíbeis, din que hai máis de 15.000 familias no Rexistro Único de demandantes de vivenda pública, en propiedade ou alugueiro social e seguen agardando porque esta colapsado.*

*Houbo un intento coa sinatura entre o IGVS e a FEGAMP dun convenio de colaboración un programa de vivendas baleiras dentro do Plan Galega de Rehabilitación, Aluguer e mellara de acceso a vivenda (2016-2018) e prorrogábeis ao que podían adherirse os concellos, entidades financeiras, particulares... Non se aplicou.*

*Ademais, cómpre ter en conta as posíbeis consecuencias da crise económica derivada da COVID, que previsibelmente vai dificultar aínda máis o acceso á vivenda a sectores sociais sen traballo ou con traballos temporais e precarios.*

*Esta moción non é para solucionar o problema do acceso a vivenda das maiorías socias, nin dos sectores que máis dificultades teñen para acceder a unha vivenda digna e cuns prezos asequíbeis senón que, intenta dar solución ás consecuencia máis dramáticas de emerxencia social no noso concello, producidas por una total falta de políticas públicas de vivenda.*

*Unha das consecuencias máis dramáticas da emerxencia social é que veciñas e veciños do noso concello ou, sinxelamente transeúntes, poden verse abocados a situacións de necesidade extrema . Como concello debemos ser quen de dar solucións, cos servizos públicos, que vaian máis alá de pagar unha habitación. Debemos habilitar solucións que xeren confianza e amparo ante situacións de indefensión indesexada extrema. Porque iso é o que nos fai unha sociedade solidaria e inclusiva. Aexistencia da emerxencia habitacional temporal no noso concello pode ter diferentes facianas : a producida por desafiuzamentos, por maltrato e violencia machista, xentes sen teito. Os gobernos locais non poden confiar sempre no traballo das Ongs, por iso, é necesario articular medidas efectivas.*

*O paradoxo é que somos un concello que foi un dos expoñentes do auxe da burbulla construtiva de Galiza. E, aínda hoxe, ternos unha parte moi significativa da vivenda construída infrautilizada e que require un uso máis eficiente. O certo é que nunca tanta vivencia houbo mais nunca tantas dificultades houbo para acceder a ela. Agora mesmo, hai unha cantidade considerábel de vivencias baleiras cuxos propietarios son as entidades financeiras, o Sareb ou as empresas de construción. eremos que é o momento oportuno para dotármonos, como concello, de dúas vivendas para dar resposta as necesidades habitacionaís de emerxencía que se nos presenten.*

*Pódese facer ao abeiro da Ordenanza Reguladora das Medidas de Apoio ao Programa de Inclusión Social do Concello de Ribeíra aprobada definitivamente no mes de febreíro de 2016, a cal di, no artigo 2 apartado 2.2.4, que "o concello promoverá accións encamiñadas a favorecer o acceso ao aluguer social con carácter temporal para aquelas unidades familiares que atravesen unha situación de extrema necesidade".*

*Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:*

*1º.- O goberno municipal emprenderá as accións oportunas para que o Concello de Ribeira se dote de alomenos catro vivendas que lle proporcionen solucións habitaclonais propias para emerxencia social temporal.*

Asemade dase conta dunha **emenda de substitución** presentada polo **GM** do **PP** (rex de entrada º1489 de 28 de xaneiro de 2022) do seguinte tenor literal:

*"ÚNICO.- En vista das posibilidades que se recollen na ordenanza municipal de inclusión social así como da demanda existente actualmente, que o goberno municipal, de xeito inmediato, dote ao concello dunha vivenda compartida que solucione os problemas derivados de situacións de emerxencia habitacional temporal de extrema necesidade".*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposición do **GM** do **BNG**, así como a emenda de substtiuciöin do **GM** do **PP** rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E



CSV: 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/03/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/03/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/03/2022 12:19:03

DOCUMENTO: 20220841334
Fecha: 17/03/2022
Hora: 12:18

RESOLUCIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, **en cumprimento do disposto no artigo 116 do Regulamento Orgánico do Concello de Ribeira**, sómetese a votación ordinaria en primeiro lugar a emenda de substitución do **GM** do **PP**, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 9 PP**

**-VOTOS EN CONTRA: 10 (7 PBBI, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)**

**-ABSTENCIÓNS: 2 PS DE G-PSOE**

Ö resultar *rexeita a emenda do GM do PP*, sómetese a votación o ditame orixinal da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Promoción Social, Sanidade e Consumo de data 25 de xaneiro de 2022 co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 12 ( 2 BNG,2 Ps de G-Psoe, 7 PBBI, 1 Mixto-Suma Ribeira)**

**-VOTOS EN CONTRA: 0**

**-ABSTENCIÓNS: 9 PP**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por ***maioría absoluta*** dos seus membros **aprobala** proposición do **GM** do **BNG** sobre**,** según ditame transcrito da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Promoción Social, Sanidade e Consumo para **SOLUCIONAR SITUACIÓNS DE EMERXENCIAS TEMPORAIS DE EXTREMA NECESIDADE** e en consecuencia aproba:

***ÚNICO***:*-O goberno municipal emprenderá as accións oportunas para que o Concello de Ribeira se dote de alomenos catro vivendas que lle proporcionen solucións habitaclonais propias para emerxencia social temporal.*

## 11.-PROPOSICIÓN GM PP PRESENTADA POR DNA. MARÍA JOSÉ SAMPEDRO FERNÁNDEZ PARA INSTAR A PORTOS DE GALICIA Á RETIRADA DOS ELEMENTOS COLOCADOS RECENTEMENTE NA ZONA PORTUARIA DE PALMEIRA E A RESTITUCIÓN DESTE ESPAZO AO SEU ESTADO ANTERIOR.

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de data 25 de xaneiro de 2022 sobre a base dunha proposición do **GM do PP** presentada por **Dna. María José Sampedro Fernández** con data de data 13 de xaneiro de 2022 (rex de entrada 560 do seguinte tenor literal):

*"A fachada marítima de Palmeira e, sinaladamente o seu espazo portuario constitúen un dos enclaves máis fermosos, non só da Ría de Arousa senón de todo o litoral galego: un lugar integrado na arquitectura do propio núcleo, que ademais de dar cabida ás actividades pesqueiras e marisqueiras, serve de principal punto de encontro para a veciñanza. Poderiamos dicir que o porto é o centro neurálxico de Palmeira e alí se concentran diversos negocios, sobre todo de carácter hostaleiro.*

*Hai que recordar ao respecto que coa fin de seguir potenciando as cualidades únicas desta contorna, a Xunta de Galicia está a punto de sacar a licitación un ambicioso proxecto de remodelación do seu Paseo marítimo Plácido Betanzos que, orzamentado nuns 900.000 euros, se basea no deseño realizado polo Concello de Ribeira xunto coas aportacións da Fundación RIA e que suporá unha radical mellora en accesibilidade e mobilidade.*



CSV: 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/03/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/03/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/03/2022 12:19:03

DOCUMENTO: 20220841334
Fecha: 17/03/2022
Hora: 12:18

*Agora, na antesala da súa licitación, o ente de Portos de Galicia vén de instalar, de xeito provisional, en zona da súa competencia unha serie de elementos (basicamente, bolardos e bancos de pedra) que, aínda que podemos comprender a súa boa intención, pensamos que non son os máis acordes para as características da zona, ao dificultar —cremos nós— a convivencia social e portuaria que se desenrola no día a día na zona do Eitón entre a veciñanza de Palmeira, a cal tamén nos expresou a súa disconformidade con esta iniciativa.*

*Cómpre ter en conta tamén que na época estival Palmeira vé incrementada esponencialmente a súa poboación, sendo a devandita zona do Eitón o punto de encontro por antonomasia de todos eles, ademais do epicentro de actividades lúdicas como as súas festas de verán ou festa do polbo, que con estes novos elementos quedaría imposibilitada.*

*Por todo o exposto, SOLICITAMOS:*

*Instar a Portos de Galicia á retirada dos elementos colocados recentemente na zona portuaria de Palmeira e a restitución deste espazo ao seu estado anterior"*

Asemade dase conta dunha **emenda de substitución** presentada polo **GM** do **PP** (rex de entrada º1489 de 28 de xaneiro de 2022) do seguinte tenor literal:

***ÚNICO.- Dar o visto bo ao acordo alcanzado coa Consellería do Mar e Portos de Galicia logo de ser refrendado pola Confraría de Palmeira e os propietarios hostaleiros da zona.***

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposición do **GM** do **PP,** así como da emenda do **GM** do **PP**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, **en cumprimento do disposto no artigo 116 do Regulamento Orgánico do Concello de Ribeira**, sómetese a votación ordinaria en primeiro lugar a emenda de substitución do **GM** do **PP**, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 21 (9 PP, 7 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)**

**-VOTOS EN CONTRA: 0**

**-ABSTENCIÓNS: 0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por ***unanimidade*** dos seus membros **aprobala** proposición do **GM** do **PP,** según ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente, *e a emenda presentada polo propio GM do PP,* para **INSTAR A PORTOS DE GALICIA Á RETIRADA DOS ELEMENTOS COLOCADOS RECENTEMENTE NA ZONA PORTUARIA DE PALMEIRA E A RESTITUCIÓN DESTE ESPAZO AO SEU ESTADO ANTERIOR** e en consecuencia aproba:

***ÚNICO***.- *Dar o visto bo ao acordo alcanzado coa Consellería do Mar e Portos de Galicia logo de ser refrendado pola Confraría de Palmeira e os propietarios hostaleiros da zona.*

==============================



CSV: 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/03/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/03/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/03/2022 12:19:03

DOCUMENTO: 20220841334
Fecha: 17/03/2022
Hora: 12:18

***O Sr. Alcalde*** *dí que no descanso o Sr. Cobas lle dixo que quería intervir e dalle a palabra:*

**O Concelleiro do GM do BNG, Xosé Antonio Vázquez Cobas** dí: *Solamente era para dar as grazas a todos. Mañá pola mañá, a primeira hora entregarei a miña carta de renuncia e me permite o Alcalde dirixirme a vostedes para darlle as gracias aos veciños e veciñas que me permitiron representalos. Decir, que me sinto moi agradecido e moi honrado de representalos e de ser a súa voz. A todos vostedes, sres concelleiros, lles desexo moitos éxitos no seu traballo de concelleiros e lle desexo tamén a cada un de vostedes o mellor no persoal; e quero tamén agradecerlle aos traballadores de esta Casa, a sua dedicación, o seu traballo e a atención con este concelleiro; e tamén, darlle as gracias a miña organización, o BNG, que confiou en min e que sempre lle estarei moi agradecido. Mais nada, lle digo o todos vostedes, que nos vemos nas rúas de Ribeira, eu seguirei loitando por unha Ribeira mellor e tamén seguirei loitando por unha Galicia mais soberana e dona de seu. Moitas gracias a todos.*

**O Sr. Alcalde** dí: *Sr. Vázquez Cobas, eu non lle minto e sabe que llo dixen personalmente, que o vamos a votar de menos, eu creo que o seu traballo nesta Corporación, nos anos que estuvo aquí, foi un traballo serio, riguroso, íntegro. Para mín, é un home de palabra, có que chegamos a acordos importantes para este Concello e vámolo a votar de menos no plano institucional porque aportou moito, pero eu, tamén no personal. Pódolle decir que me sentía e así era, amigo de Plácido Betanzos; Plácido Betanzos tamén nalgunha ocasión tuvo que deixar a política municipal, sin embargo, eu creo que foi a etapa na nosa vida que mais cafés tomamos xuntos, cando tiña tempo e se acercaba ao Concello, pois, ou me invitaba ou o invitaba eu, pero lle seguía fervendo a sangre para falar de política. É moi bó que falemos persoas que pensamos de forma diferente porque nos enriquece, porque a veces nos fai ver as cousas doutra forma, e si vostede tamén o considera cando pase por aquí cerca, pois, nos gustaría tamén invitarlle a un café e falar do divino e humano, que ao final é o que enriquece a posición política de todos nós, o confrontar ideas e aproveitar tamén as ideas dos demais que é o importante. Vámoslle a votar todos de menos.*

E sendo as **23 horas e 59 minutos** do día **3 de marzo de 2022**, en cumprimento do 'principio de unidade de acto" previsto no artigo 87 do ROF, quedando pendentes os **puntos 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22 e 23** da orde do día, o **Sr. alcalde-presidente** deu por finalizada a sesión do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente — O secretario xeral

Manuel Ruiz Rivas — Juan Manuel Salguero del Valle

CSV: 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000CD67600A8Q8G7T6V0J5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/03/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/03/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/03/2022 12:19:03

DOCUMENTO: 20220841334
Fecha: 17/03/2022
Hora: 12:18